

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

ORDE do de xaneiro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A).

TEXTO:

A disposición adicional décimo segunda, punto 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, establecen que o sistema de ingreso na función pública docente será o de concurso-oposición convocado polas respectivas administracións educativas.

O Título III do citado Real decreto 276/2007 regula o sistema de ingreso, o título IV os accesos entre os corpos de persoal funcionario docente e o título V o procedemento de adquisición de novas especialidades.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, declara a extinguir o corpo de profesores técnicos de formación profesional, polo que nesta convocatoria non se poden incluír as prazas das especialidades que correspondían a este corpo.

Por decreto 84/2021, do 12 de maio, aprobouse a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021. A convocatoria dos procedementos selectivos correspondentes a esta oferta de emprego non chegou a publicarse no ano 2021 ao ter que desenvolverse neste ano os procedementos selectivos convocados pola Orde do 24 de febreiro de 2020, que non chegaron a realizarse nese ano 2020 pola situación derivada da COVID-19.

Por decreto/2022, do, aprobouse a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

No artigo 8 deste decreto establécese que as prazas correspondentes a esta oferta de emprego acumularanse coas correspondentes á oferta de emprego aprobada polo Decreto 84/2021, do 12 de maio, pola que se aproba a oferta de emprego correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

En aplicación dos citados decretos, esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade acorda anunciar as seguintes convocatorias e correspondentes bases:

- Convocatoria do procedemento selectivo para acceso ao corpo de inspectores de educación.
- Convocatoria do procedemento selectivo para ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario.
- Convocatoria de procedemento selectivo para ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.
- Convocatoria de procedemento selectivo para ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño.
- Convocatoria do procedemento selectivo de ingreso ao corpos de mestres.
- Convocatoria do procedemento para a adquisición de novas especialidades no corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres.

Título I

Procedementos de ingreso e acceso

Base primeira. *Normas xerais*

1.1. Prazas convocadas.

Acceso do Subgrupo A2 ao Subgrupo A1
Corpo de Profesores de artes plásticas e deseño

Código/Especialidade	Reserva persoas con discapacidade A2-A1	A2-A1	Total
Total			

Os códigos dos corpos son os seguintes:

Inspectores de educación:	0510
Mestres:	0597
Profesores de ensino secundario:	0590
Profesores de escolas oficiais de idiomas:	0592
Profesores de artes plásticas e deseño:	0595

1.2. Normativa aplicable.

A estes procedementos selectivos seranlle de aplicación:

- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación;
 - A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa;
 - A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación;
- O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público;
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas;
- A Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea;
- O Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición doutras especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e se regula o réxime transitorio a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei;
- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia;

- O Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social;

- A Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia;

- O Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira;

- O Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo;

- O Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria;

- O Real decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria;

- O Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais disposicións de aplicación xeral, así como o disposto nesta convocatoria;

- O Decreto 84/2021, do 12 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021

- O Decreto .../2022, do... de xaneiro (DOG núm... do), polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

1.3. Lugares de realización das probas para os corpos de inspectores de educación, profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de artes plásticas e deseño.

As probas selectivas que se convocan para os corpos de inspectores de educación, profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de artes plásticas e deseño terán lugar nas localidades que fixe a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

1.4. Lugares de realización das probas para o corpo de mestres.

As probas selectivas que se convocan para o corpo de mestres terán lugar na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, sen prexuízo de que non se realicen probas dalgunha especialidade nalgunha das localidades citadas, en función do número de persoas solicitantes. Na resolución pola cal se nomeen os tribunais sinalarase a localidade ou localidades en que se deberán realizar as probas.

O feito de matricularse nunha provincia determinada e superar o proceso selectivo non lle atribúe ao persoal aspirante un dereito a ser destinado nela, senón que, unha vez ingresado e chamado a exercer, a Administración educativa poderao destinar, dentro da comunidade autónoma, a calquera provincia, de acordo co procedemento de adxudicación de destinos de carácter provisional e as normas que regulan o concurso de traslados.

Cando se nomeen tribunais en máis dunha provincia, os tribunais números 1 de cada especialidade recaerán nas localidades de Pontevedra ou Vigo.

1.5. Criterios de distribución do persoal aspirante aos tribunais.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos realizará a distribución do persoal aspirante de cada especialidade, cando sexa o caso, en proporción ao número de tribunais, respectando, no caso de mestres e sempre que sexa posible, a localidade que o citado persoal consignase na súa solicitude de participación. A asignación de persoas aspirantes por tribunal iniciarase polo persoal aspirante cuxo primeiro apelido se inicie pola letra **que resulte no sorteo que realice á Consellería de Facenda e Administración Pública para estes efectos** e, de ser necesario, polas letras inmediatamente seguintes.

Sen prexuízo do establecido na base 7.2, o persoal aspirante pola quenda de acceso do subgrupo A2 ao subgrupo A1 e de ingreso pola reserva de discapacidade poderá ser asignado a un tribunal específico ou ao tribunal número 1 da especialidade correspondente.

O persoal aspirante polo procedemento de adquisición doutra especialidade poderá ser distribuído entre todos os tribunais dunha mesma especialidade.

1.6. Asignación de prazas aos tribunais.

Nas especialidades en que se nomee máis dun tribunal as prazas da quenda libre e, se é o caso, as que queden vacantes da reserva de persoas con discapacidade do sistema de ingreso serán

estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non ter alcanzado a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación forzosa.

c) Posuír as titulacións que, para cada corpo, se especifican nesta base. No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real decreto 967/2014, do 21 de novembro (BOE do 22 de novembro), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, de 20 de novembro, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (BOE do 20 de novembro).

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao corpo e especialidade á que se opta.

e) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

f) Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, conforme dispón o artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

g) Non ser persoal funcionario de carreira, en prácticas ou estar pendente do correspondente nomeamento do mesmo corpo ao que se aspira a ingresar, agás que se concorra ao procedemento para a adquisición de nova especialidade a cal se refire o título II desta orde, no que o persoal funcionario de carreira poderá participar.

h) Acreditar o coñecemento do galego.

i) Acreditar, se é o caso, o coñecemento do castelán.

2.2. Requisitos específicos para participar no procedemento de acceso.

2.2.1. Requisitos específicos para participar no procedemento de acceso ao corpo de inspectores de educación.

a) Ser funcionaria ou funcionario de carreira dalgún dos seguintes corpos: catedráticos de ensinanza secundaria; catedráticos de escolas oficiais de idiomas; catedráticos de artes plásticas e deseño; catedráticos de música e artes escénicas; profesores de ensinanza secundaria; profesores técnicos de formación profesional; profesores de escolas oficiais de idiomas; profesores de artes plásticas e deseño; mestres de taller de artes plásticas e deseño; profesores de música e artes escénicas e mestres.

b) Posuír o título de doutoramento, master universitario, licenciatura, enxeñería, arquitectura ou título equivalente.

c) Acreditar unha antigüidade mínima de oito anos, como funcionaria ou funcionario nalgún dos corpos que integran a función pública docente e unha experiencia docente de igual duración.

2.2.2. Ao corpo de profesores de ensino secundario, ás prazas reservadas para o persoal funcionario de carreira dos corpos e escalas docentes clasificadas no subgrupo A2.

a) Posuír a titulación que para o ingreso no corpo se esixe na subepígrafe 2.3.1.a) desta convocatoria.

b) Ter prestado, ao remate do prazo de presentación de solicitudes, servizos no seu corpo de orixe durante un mínimo de seis anos como persoal funcionario.

2.2.3. Ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ás prazas reservadas para o persoal funcionario de carreira dos corpos e escalas docentes clasificadas no subgrupo A2.

a) Posuír a titulación que para ingreso no corpo se esixe na subepígrafe 2.3.2 desta convocatoria.

b) Ter prestado, ao remate do prazo de presentación de solicitudes, servizos no seu corpo de orixe durante un mínimo de seis anos como persoal funcionario.

2.3. Requisitos específicos para participar polo procedemento de ingreso libre, que inclúe a quenda para persoas con recoñecemento legal de discapacidade.

2.3.1. Para os corpos de profesores de ensino secundario e profesores de escolas oficiais de idiomas.

Para participar polo procedemento de ingreso libre, o persoal aspirante deberá:

a) Posuír o título de doutoramento, licenciatura, enxeñería, arquitectura ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia ou ter superado todos os estudos conducentes para a súa obtención e ter satisfeitos os dereitos de expedición del.

De conformidade co establecido na disposición adicional única do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, para ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, nas especialidades de Tecnoloxía, Administración de Empresas, Análise e Química Industrial, Formación e Orientación Laboral, Informática, Organización e Xestión Comercial, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos, Organización e Proxectos da Fabricación Mecánica, Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos, Procesos Sanitarios, serán admitidas as persoas que, aínda carecendo da titulación esixida con carácter xeral, posúan unha das titulacións que se relacionan no anexo VII da presente orde.

b) Posuír a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirá este requisito quen posúa o título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título, facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade.

Estará dispensado da posesión do citado título o persoal aspirante que acredite ter, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, algún dos seguintes requisitos:

- Posuír o título profesional de especialización didáctica, o certificado de aptitude pedagóxica ou o certificado de cualificación pedagóxica.

- Posuír o título de mestre/a, diplomatura en profesorado de educación xeral básica, mestre/a de ensino primario, licenciatura en pedagogía ou en psicopedagogía. Así mesmo, tamén estará exento o persoal que estivera cursando algunha das tres anteriores titulacións e tivera cursado 180 créditos destas á citada data do 1 de outubro de 2009.

- Ter impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou, no seu defecto, durante 12 meses exercidos en períodos continuos ou descontínuos, en centros públicos ou privados de ensinanza regrada debidamente autorizados, nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, ou de bacharelato, ou de formación profesional, ou de escolas oficiais de idiomas, conforme ao previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.

2.3.2. Para os corpos de profesores de artes plásticas e deseño.

Para participar polo procedemento de ingreso libre, o persoal aspirante deberá:

Posuír o título de doutoramento, licenciatura, enxeñería, arquitectura ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia ou ter superado todos os estudos conducentes para a súa obtención e ter satisfeitos os dereitos de expedición del.

De conformidade co establecido na disposición adicional única do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, para ingreso no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, nas especialidades de, serán admitidas as persoas que, aínda carecendo da titulación esixida con carácter xeral, posúan unha das titulacións que se relacionan no anexo VIII da presente orde.

De acordo co que se establece na disposición transitoria primeira do citado Real decreto 276/2007, ata que se regule para cada ensinanza a formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, non se esixe esta formación ao persoal aspirante ao ingreso neste corpo.

2.3.3. Para o corpo de mestres.

Posuír ou ter superado todos os estudos conducentes para a súa obtención e ter satisfeitos os dereitos de expedición dalgún dos seguintes títulos:

- Título de mestre/a ou o título de grao en mestre/a de educación infantil ou de educación primaria.
- Título de diplomado/a en profesorado de educación xeral básica.
- Título de mestre/a de ensino primario.

2.4. Requisitos específicos para participar pola quenda para persoas con recoñecemento legal de discapacidade en todos os corpos.

2.4.1. De conformidade co establecido no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Decreto 84/2021, do 12 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 e o Decreto .../2022, do ... de xaneiro (DOG núm. ..., do ... de xaneiro), polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, resérvase o 7% das prazas ás que poderán concorrer as persoas que teñan a condición legal de discapacidade, sempre que reúnan as condicións xerais establecidas nesta convocatoria e, no seu momento, acrediten un grao de discapacidade de, polo menos, o 33% e a compatibilidade entre a discapacidade e o desenvolvemento das tarefas e funcións docentes propias do corpo ao que accedan, na correspondente especialidade, mediante certificación dos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia, doutras comunidades autónomas ou, se é o caso, da Administración central do Estado.

A opción por esta quenda formularase na solicitude de participación e acreditarase de acordo co previsto na epígrafe 3.2 desta convocatoria.

O recoñecemento dunha discapacidade con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes, aínda cando se fixese con efectos retroactivos, non conlevará en ningún caso a admisión polo procedemento de reserva.

2.4.2. Os procedementos selectivos realizaranse en condicións de igualdade co persoal aspirante de ingreso libre, ou da quenda A2-A1, sen prexuízo das adaptacións previstas na base 7.11 desta convocatoria.

2.4.3. Se na realización das probas se lle presentasen dúbidas ao tribunal respecto da capacidade do persoal aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polo persoal funcionario do corpo ou escala a que se opta, poderá pedir o correspondente ditame do órgano competente conforme o previsto na subepígrafe 2.4.1 desta base.

2.5. Prazo en que se deben reunir os requisitos.

Todas as condicións e requisitos relacionados nesta base deberán posuírse no día en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira.

2.6. Incompatibilidades.

2.6.1. O persoal aspirante que concorra pola reserva de persoas con discapacidade non poderá presentarse á mesma especialidade pola quenda libre.

2.6.2. O persoal aspirante que opte polo procedemento de acceso do subgrupo A2 ao subgrupo A1 non poderá concorrer á mesma especialidade polo ingreso libre.

2.6.3. Ningunha persoa aspirante poderá presentarse, dentro desta convocatoria, a prazas dun mesmo corpo e especialidade correspondentes a distintas quendas de ingreso ou accesos entre corpos de persoal funcionario docente.

Base terceira. *Solicitudes e pagamento dos dereitos*

3.1. Solicitudes.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

As solicitudes tamén poderán cubrirse na páxina web da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos <http://www.edu.xunta.gal/oposicions> e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Así mesmo, deberá procederse o pagamento da taxa vixente no momento da presentación electrónica da solicitude de acordo co establecido na base 3.8 desta orde.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderán empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As titulacións esixidas pola base segunda desta orde como requisito específico para o ingreso aos corpos de persoal funcionario docente, así como as funcións que desenvolve este persoal, presupoñen que as persoas aspirantes posúen capacidade técnica suficiente para o acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios, no sentido do que establece o artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como xustificación da obrigatoriedade de presentar as solicitudes exclusivamente por medios electrónicos.

Na solicitude, consignarase o código do corpo e, se é o caso, da especialidade que figuran nas bases desta convocatoria.

Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación para un mesmo corpo, salvo que se opte por máis dunha especialidade. Non obstante, a presentación de máis dunha solicitude non garante que o persoal aspirante poida asistir ao acto de presentación e/ou á realización das probas de máis dunha especialidade.

3.2. Documentación complementaria.

3.2.1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) No caso de non dispor do título, certificación académica oficial que acredite que se realizaron todos os estudos para a obtención deste xunto co recibo acreditativo conforme se efectuou o pagamento correspondente dos dereitos de expedición. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentarse a credencial da súa homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas, mestre en educación primaria ou en educación infantil.

Deberán achegar o título aquelas persoas que posúan o título de mestre/a de ensino primario, diplomatura en profesorado de educación xeral básica, mestre/a ou grao de mestre/a en educación primaria e aquelas outras persoas que posúan unha titulación de licenciatura ou enxeñería nos que se

requira unha especialidade para formar parte das listas para cubrir interinidades ou substitucións.

Ademais do anterior, se no título non consta a especialidade e, de ser o caso, o idioma estranxeiro deste, deberán achegar a certificación académica persoal.

Así mesmo, aquelas persoas graduadas en educación primaria que obtiveran unha mención nunha Universidade distinta da que obtiveron o título, e aleguen esta mención para a súa inclusión nas listas de interinidades ou substitucións deberán achegar certificación académica oficial expedida pola Universidade acreditativa da obtención da mención.

b) Documentación acreditativa de posuír a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación ou, cando sexa o caso, da formación equivalente.

Cando en substitución do máster universitario que habilita para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas se alegue docencia efectiva, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009 ou durante dous cursos completos ou doce meses continuos ou descontinuos, en ensinanzas regradas dos niveis e ensinanzas cuxas especialidades se regulan no Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, non será necesario presentar ningunha documentación se a docencia se impartiu en centros públicos dependentes desta Consellería de Cultura, Educación e Universidade e os servizos prestados constan na aplicación informática de persoal. Nestes supostos a certificación será expedida e incorporada de oficio ao expediente correspondente pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos.

Noutro caso xustificarse do seguinte xeito:

- Se se trata dun centro público, mediante certificación, na cal conste a data de inicio e fin, nivel da ensinanza impartida e a especialidade, expedida pola secretaría do centro, co visto e prace da dirección e o contrato ou nomeamento expedido polo organismo correspondente.

- Se se trata dun centro privado debidamente autorizado, mediante certificación, en que conste a data de inicio e fin, nivel da ensinanza impartida e a materia, expedida pola dirección do centro, co visto e prace dos servizos de inspección educativa correspondente, ou copia dos contratos de traballo xunto con certificado da vida laboral.

c) Celga 4, validación do certificado de coñecemento de lingua galega (Celga 4), curso de perfeccionamento da lingua galega, validación do curso de perfeccionamento en lingua galega feita polo órgano competente, o título de licenciatura en filoloxía galego-portuguesa, certificado de aptitude ou nivel avanzado de galego da escola oficial de idiomas ou certificado de ter o curso de especialización en lingua galega.

d) As persoas que non posúan a nacionalidade española e non teñan como idioma oficial o español: Diploma superior de español como lingua estranxeira, certificado de aptitude ou nivel avanzado de español expedido polas escolas oficiais de idiomas, título de licenciatura, ou de grao equivalente, en filoloxía hispánica ou románica ou outros títulos homologados, ou certificación académica en que conste que se realizaron no Estado español estudos conducentes á titulación alegada para ingreso no corpo.

e) Persoal aspirante que solicite exención ou bonificación das taxas:

- Xustificación de ser membro de familia numerosa de categoría xeral ou especial, só no caso de non estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

- Xustificación de ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, só no caso de non estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

- As vítimas do terrorismo, entendendo por tales para estes efectos, as persoas que sufriran danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme o en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe da persoa falecida e os fillos das persoas feridas e falecidas.

f) Persoal aspirante que solicite a adaptación de tempo e medios:

- Documentación acreditativa da discapacidade que xustifique a necesidade da adaptación.

g) Persoal aspirante que non teña a nacionalidade española:

- O persoal aspirante que non teña a nacionalidade española, incluído no primeiro parágrafo da epígrafe 2.1.a) que resida en España, deberá presentar unha copia do documento de identidade ou pasaporte e da tarxeta de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario ou, se é o caso, de tarxeta temporal de residente comunitario ou de persoal traballador comunitario fronteirizo, en vigor.

- O persoal aspirante incluído no segundo parágrafo da epígrafe 2.1.a) deberá presentar unha copia do pasaporte ou do visado e, se é o caso, do xustificante de ter solicitado a tarxeta ou a exención do visado e da dita tarxeta. No caso contrario deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración responsable ou promesa da persoa coa que existe este vínculo, de que non está separada de dereito do/a cónxuxe e, se é o caso, de que o persoal aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

3.2.2. Non será necesario achegar nin a titulación alegada nin a acreditación da formación pedagóxica e didáctica nin o documento xustificativo do coñecemento do galego ou, se é o caso, do castelán, no caso daquelas persoas que xa o fixeran nos procedementos selectivos convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade desde a Orde do 17 de marzo de 2014.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3.2.3 A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3.2.4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

3.3. Comprobación de datos.

3.3.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI/NIE da persoa solicitante ou representante.

b) Títulos oficiais universitarios que dean acceso á función docente e que consten no Rexistro Central do Ministerio de Educación e Formación Profesional, agás os de mestre/a de ensino primario,

diplomatura en profesorado de educación xeral básica, mestre/a ou grao de mestre/a en educación primaria e as titulacións de licenciatura ou enxeñería nos que se requira unha especialidade para formar parte das listas para cubrir interinidades ou substitucións.

c) Títulos oficiais non universitarios que dean acceso á función docente e que consten no Rexistro Central do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

d) Consulta da inexistencia de antecedentes penais por delitos sexuais.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Acreditación da condición de familia numerosa só no caso de estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Acreditación da condición de discapacidade só no caso de estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Estar inscrito/a como demandante de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data da convocatoria das probas selectivas nas cales solicite a súa participación e non estea percibindo prestación ou subsidio por desemprego.

3.3.2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3.3.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

3.4. Obriga de participación

De conformidade co previsto no punto décimo segundo da Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se da publicidade ao texto refundido do acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto, o persoal interino ou substituto que presta servizos en calquera especialidade na Comunidade Autónoma de Galicia, estará obrigado a participar no procedemento selectivo para ingreso nalgún corpo da función pública docente que se convoque neste ano por calquera das especialidades ofertadas, agás que non se convoquen prazas de ningunha da ou das súas especialidades nesta convocatoria. No suposto de que o dito persoal se presente a procedementos selectivos convocados por outras administracións educativas, deberá achegar á

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos certificación de ter realizado a proba, con anterioridade ao 20 de xullo de 2022.

De non participar no procedemento selectivo ou de retirarse deste decaerá dos seus dereitos unicamente nas listas das especialidades convocadas e, se é o caso, da lista de orientación do corpo de mestres. Entenderase que se retiran do procedemento aquelas persoas que non se presenten a segunda parte da primeira proba ou non procedan a apertura dos sobres nos casos das probas escritas ou superando a primeira proba, non se presenten á segunda.

3.5. Solicitudes cursadas no estranxeiro.

As solicitudes efectuadas polas persoas que residan no estranxeiro e que non dispoñan de certificado electrónico ou do sistema de usuario e clave Chave 365 deberán cursarse no prazo sinalado na epígrafe 3.7 a través das representacións diplomáticas ou oficinas consulares españolas, que as remitirán seguidamente á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. O pagamento dos dereitos de exame realizarase de acordo co establecido na epígrafe 3.8 desta convocatoria.

3.6. Requirimento para emendas.

O requirimento establecido para emendar defectos, conforme o previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, efectuarase mediante a resolución provisional pola que se publica a relación de persoal aspirante admitido e excluído para participar no procedemento selectivo.

3.7. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles computados a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3.8. Importe e pagamento dos dereitos de exame.

O pagamento do importe dos dereitos de exame realizarase de forma electrónica.

Os códigos que se deben empregar son os seguintes:

Consellería de Cultura, Educación e Universidade: código 07

Delegación de Servizos Centrais: código 13

Servizo de Secretaría Xeral: código 01

Taxa denominación: inscrición nos procesos de selección de persoal de Administración xeral da Comunidade Autónoma: código 300302

Os dereitos de exame serán os seguintes:

- Corpo:

Inspectores de educación: 44,17 €

Profesores de ensino secundario: 44,17€

Profesores de escolas oficiais de idiomas: 44,17€

Profesores de artes plásticas e deseño: 44,17€

Mestres: 38,02€

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de exame:

- a) Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- b) Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicaráselle unha bonificación do 50% á inscrición solicitada por:

- a) Persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- b) Persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data da convocatoria das probas selectivas nas cales soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.
- c) As vítimas do terrorismo, entendendo por tales para estes efectos, as persoas que sufriran danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme o en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe da persoa falecida e os fillos das persoas feridas e falecidas

Non será obrigatorio presentar o xustificante de pagamento electrónico da taxa que será verificado pola propia Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Base cuarta. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, agás o establecido en relación coas programacións didácticas, a documentación acreditativa dos méritos da fase de concurso e as reclamacións contra o baremo provisional que deberán entregarse ao tribunal.

Base quinta. Notificacións

5.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

5.4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5.5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base sexta. Admisión de persoal aspirante

6.1. Lista provisoria de persoal admitido e excluído.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos publicará na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal, mediante resolución asinada electronicamente, a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas, por corpos, reservas e, se é o caso, especialidades. Nesta lista aparecerán, cando menos, apelidos, nome e catro números aleatorios do número de documento nacional de identidade do persoal aspirante, e se está exento ou non da realización da proba de coñecementos de lingua galega e de lingua castelá. Así mesmo, na quenda de promoción interna, nas especialidades específicas de formación profesional e do corpo de profesores de artes plásticas e deseño expresarase a exención ou non do exercicio práctico. No caso do persoal aspirante excluído, especificarase a causa de exclusión.

6.2. Reclamación contra a lista provisoria.

Contra a lista provisoria, o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos e dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade as reclamacións que coide oportunas, no prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal

6.3. Lista definitiva do persoal admitido e excluído.

As reclamacións presentadas serán aceptadas ou rexeitadas na resolución asinada electronicamente pola que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Esta resolución publicarase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal.

O feito de figurar na relación de persoal admitido non prexulga que se lle recoñeza ao persoal interesado a posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan mediante esta orde. Cando, da documentación que debe presentarse no caso de ser aprobado, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación nestes procedementos.

6.4. Recurso contra a lista definitiva.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal segundo o disposto no artigo 123 e 124 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

6.5. Reintegro dos dereitos de exame.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados, por petición do persoal interesado, ao persoal aspirante que fose excluído definitivamente da realización dos procedementos selectivos, por falta dalgún dos requisitos para tomaren parte nas devanditas probas.

Base sétima. *Órganos de selección*

7.1. Tribunais.

A selección do persoal aspirante será realizada polos tribunais nomeados para o efecto, sen prexuízo do previsto nos puntos 8.3 e 9.2 desta orde respecto aos tribunais de valoración das probas previas de coñecemento do castelán e da lingua galega.

7.2. Nomeamento.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade procederá ao nomeamento dos tribunais que xulgarán o proceso selectivo, e fará pública a súa composición no *Diario Oficial de Galicia*, agás os tribunais específicos que avaliarán a acreditación do coñecemento do castelán e do galego que se publicarán unicamente na páxina web da Consellería.

Poderanse nomear todos os tribunais que se xulguen necesarios.

Naquelas especialidades en que o número de persoas aspirantes o aconselle, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá nomear tribunais específicos que valorarán o proceso selectivo das prazas reservadas para as persoas con discapacidade, acceso e o procedemento de adquisición doutras especialidades previsto no título II desta orde.

Naquelas especialidades nas que non exista persoal funcionario de carreira na Comunidade Autónoma de Galicia ou este sexa insuficiente, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos nomeará ou completará o Tribunal con persoal docente funcionario de carreira doutras especialidades do mesmo corpo e designará o persoal asesor que sexa necesario. Poderá tamén completar o tribunal con persoal funcionario de carreira dependente doutras Comunidades Autónomas.

Así mesmo, en casos excepcionais, poderase nomear un Tribunal que poderá xulgar máis dunha especialidade.

7.3. Composición dos tribunais.

Os tribunais estarán constituídos, de acordo co disposto no artigo 7 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, por persoal funcionario de carreira en activo dos corpos docentes correspondentes ou do corpo de inspectores.

Na súa designación velarase polo cumprimento do principio de especialidade, polo que, cando sexa posible, a maioría dos seus membros deberán ser titulares da especialidade obxecto do proceso selectivo e tenderase á paridade entre profesoras e profesores. Non obstante, cando a porcentaxe de mulleres sexa superior ao de homes manterase esa porcentaxe na composición dos tribunais.

En todo caso, os membros dos tribunais pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao cal opta o persoal aspirante.

Con carácter xeral, os tribunais estarán compostos por:

Prazas do corpo de inspectores de educación:

- Unha presidencia, designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, entre persoal funcionario de carreira do corpo de inspectores de educación.

- Catro vogais, designados por sorteo público mediante aplicación informática entre o persoal funcionario de carreira do corpo de inspectores de educación.

Prazas do corpo de profesores de ensino secundario:

- Unha presidencia, designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- Catro vogais, designados/as por sorteo público mediante aplicación informática entre as persoas funcionarias de carreira do corpo de catedráticos de ensino secundario ou de profesores de ensino secundario, da especialidade correspondente, e que teñan o seu actual destino nesta.

Prazas do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas:

- Unha presidencia, designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- Catro vogais, designados/as por sorteo público mediante aplicación informática entre o persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, da especialidade correspondente, e que teñan o seu destino actual nesta.

Prazas do corpo de profesores de artes plásticas e deseño

- Unha presidencia, designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- Catro vogais, designados/as por sorteo público mediante aplicación informática entre o persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos e profesores de artes plásticas e deseño, da especialidade correspondente, e que teñan o seu destino actual nesta.

Prazas do corpo de mestres:

- Unha presidencia, designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- Catro vogais, designados/as por sorteo público mediante aplicación informática entre o persoal funcionario de carreira do corpo de mestres, da especialidade correspondente, e que teñan o seu actual destino nesta.

Se con posterioridade tivese que substituírse algunha persoa titular ou suplente do tribunal, a titular será substituída pola correspondente suplente ou, no seu defecto, nas que a sigan segundo

a orde en que figuren na disposición que as nomeou. Se non puidese actuar a persoa suplente número catro pasaríase á suplente número 1.

De non poder actuar tampouco os/as vogais do tribunal suplente número 1 de cada tribunal a substitución realizarase cos/coas vogais do tribunal suplente número 2, pola mesma orde establecida no parágrafo anterior.

De non poder actuar tampouco os/as suplentes, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos designará a seguinte persoa segundo a relación alfabética da especialidade, empezando pola letra á que se fai mención no último parágrafo da epígrafe 10.2 da presente convocatoria.

Quedarán exento da participación no sorteo o persoal funcionario de carreira que preste servizos na Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou nas súas xefaturas territoriais.

7.4. Tribunais suplentes.

Para cada tribunal designarase polo mesmo procedemento, cando sexa posible, dous tribunais suplentes.

7.5. Sorteo público.

O sorteo público terá lugar o día 27 de abril de 2022, ás nove horas, na Sala de Xuntas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sita en Santiago de Compostela, San Caetano, s/n.

7.6. Constitución dos tribunais.

7.6.1. Logo da convocatoria do presidente ou presidenta constituiranse os tribunais no prazo máximo de cinco días hábiles desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, sendo precisa a asistencia do presidente ou presidenta titular ou, se é o caso, do ou da suplente, e de, polo menos, tres vogais, titulares ou suplentes.

Na citada sesión acordarán todas as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento dos procedementos selectivos.

Actuará como secretario ou secretaria o ou a vogal con menor antigüidade no corpo, agás que o tribunal acorde determinalo doutra maneira. No caso da mesma antigüidade actuará como secretario ou secretaria a persoa de menor idade.

7.6.2. Salvo que concorran circunstancias excepcionais, que serán apreciadas pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, unha vez constituídos os tribunais só poderán actuar os membros presentes no acto de constitución e abondará coa asistencia de tres deles para a validez das sesións. Non obstante, se chegado o momento da actuación dos tribunais, estes non puidesen actuar polo menos con tres membros, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará

as medidas oportunas necesarias co fin de garantir o dereito do persoal aspirante á participación no proceso selectivo.

7.6.3. A suplencia do presidente ou presidenta será autorizada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, segundo corresponda; a dos/das vogais, polo presidente ou presidenta que vaia actuar, tendo en conta que deberá recaer no/na vogal suplente respectivo do tribunal suplente número 1 ou, no seu defecto, nos/nas que o sigan, segundo a orde en que figuren na disposición que os/as nomeou. Se non puidese constituírse así o tribunal acudírase, pola mesma orde, aos/ás vogais do tribunal suplente número 2.

7.6.4. A participación nos órganos de selección ten carácter obrigatorio, de conformidade co disposto no artigo 8.3 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro. Sen prexuízo do anterior, as presidencias dos tribunais concederán a suplencia, ademais de nos supostos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, a aquelas persoas que a soliciten e actúen como membros dun tribunal de oposicións durante o ano 2017 ou seguintes, as que sexan directores ou directoras dun centro, as que teñan permiso sindical a tempo total ou aquelas persoas que estean a gozar dunha redución de xornada con anterioridade ao 1 de maio de 2022 e que continúen durante o período no que lle correspondería actuar como membro do tribunal, as que estean gozando do permiso de nacemento da nai biolóxica, ou por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente, do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla, e as que estean en situación de incapacidade temporal regulamentariamente concedida. Agás nos supostos previstos na lei e para o suposto das persoas que teñan permiso sindical a tempo total ou estean gozando do permiso de nacemento da nai biolóxica, ou por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente, do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla, non se concederá a suplencia cando non se poidan constituír os tribunais co número suficiente de persoal funcionario da especialidade correspondente.

7.7. Abstención e recusación dos tribunais.

Os membros dos tribunais absteranse de intervir se se desen as circunstancias sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Do mesmo xeito, de acordo co artigo 8.4 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, e o artigo 59.2 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, deberán absterse de actuar aqueles membros que realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes aos procedementos selectivos para calquera corpo e especialidade, nos cinco anos anteriores a esta publicación.

Así mesmo, o persoal aspirante poderá recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior, de acordo co artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

7.8. Categoría dos tribunais e comisións da avaliación da fase de prácticas.

Para os efectos previstos no artigo 26.2 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), estes tribunais considéranse incluídos na categoría primeira.

7.9. Indemnizacións por razón do servizo.

Os tribunais terán dereito ás indemnizacións por razón do servizo previstas na normativa vixente.

7.10. Funcións dos tribunais.

Os tribunais con plena autonomía funcional, serán responsables da obxectividade do procedemento e garantirán o cumprimento das bases da convocatoria.

Correspóndelles aos tribunais:

a) A elaboración dos exercicios a que se refiren as bases décimo segunda, décimo terceira e décimo cuarta e a publicación dos enunciados dos exercicios na páxina web www.edu.xunta.gal/oposicions.

b) A determinación dos criterios de actuación.

c) A determinación e publicidade dos criterios de avaliación, antes do inicio da primeira parte da proba ou da primeira parte da primeira proba.

d) A valoración dos méritos da fase de concurso.

e) A cualificación das distintas probas da fase de oposición.

f) A agregación das puntuacións da fase de concurso ás adxudicadas na fase de oposición, a ordenación do persoal aspirante e a elaboración das listas do persoal aspirante que superasen ambas as fases.

g) A declaración do persoal aspirante que superou as fases de concurso e oposición e resulten seleccionados, a publicación das listas correspondentes a eles, así como a súa elevación á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

h) A elaboración do expediente administrativo cubrindo os modelos que lles sexan facilitados pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Deberán facer uso das aplicacións informáticas que se poñan á súa disposición, mantendo actualizados os datos para aseguraren o desenvolvemento do procedemento.

i) Ao remate do procedemento selectivo, a publicación dos enunciados, solucións e plantillas de corrección, de ser o caso, dos exercicios na páxina web www.edu.xunta.gal/opusicions.

A actuación dos tribunais axustarase en todo o proceso ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

7.11. Adaptación de tempo e medios.

As persoas con discapacidade que desexen solicitar adaptación de tempo e medios para realizar os exercicios deberán marcar o recadro correspondente e manifestarán, no espazo establecido para esta finalidade na propia solicitude, a discapacidade que padecen e a petición concreta que realizan. Así mesmo, deberán achegar coa solicitude e por medios electrónicos a documentación actualizada acreditativa da discapacidade que xustifique a necesidade de adaptación.

Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas necesarias para que o persoal aspirante con discapacidade goce de similares oportunidades para a realización das probas que o resto do persoal participante. Neste sentido estableceranse, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios para a súa realización, conforme as instrucións dadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comunicará a cada persoa interesada a adaptación ou adaptacións autorizadas.

Base oitava. Proba de acreditación de coñecemento do castelán para persoas que non posúan a nacionalidade española.

8.1. As persoas que non poidan acreditar o coñecemento do castelán de acordo co establecido na subpeígrafe 3.2.1d) deberán realizar unha proba, na cal se comprobará que posúen un nivel adecuado de comprensión escrita desta lingua. A proba de acreditación do coñecemento do castelán terá lugar o día 14 de maio de 2022, ás 17 horas, no IES As Fontiñas (rúa Estocolmo 5, Santiago de Compostela).

8.2. O contido da proba de acreditación do coñecemento do castelán axustarase ao disposto no Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE) (BOE do 8 de novembro), modificado polo Real decreto 264/2008, do 22 de febreiro e polo Real decreto 1004/2015, de 6 de novembro.

8.3. Tribunal de valoración.

A valoración da proba realizaraa un tribunal designado por resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos composto por:

- Unha presidencia, designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- Catro vogais, designados/as por sorteo público mediante aplicación informática entre o persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos de ensino secundario ou de profesores de ensino secundario, da especialidade de Lingua castelá e literatura, e que teñan o seu actual destino nesta.

Da mesma maneira designaranse dous tribunais suplentes.

8.4. Valoración da proba.

O tribunal valorará esta proba de «apto/a» ou «non apto/a». Quedarán excluídas do procedemento selectivo as persoas «non aptas».

Rematada a realización da proba, o tribunal fará pública a valoración do persoal aspirante na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/oposicions> e elevaraa á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, para a súa incorporación ao expediente.

Base novena. *Acreditación do coñecemento do galego*

9.1. As persoas que non poidan acreditar o coñecemento do galego de acordo co establecido na subepígrafe 3.2.1 c) deberán realizar unha proba.

Sen prexuízo do anterior, estarán exentas tamén de realizar a proba de coñecemento do galego as persoas que se presenten ao proceso selectivo no corpo de profesores de ensino secundario, na especialidade de Lingua Galega e Literatura, as que se presenten pola quenda de promoción interna e teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, e o persoal funcionario de carreira que se presente para a adquisición doutra especialidade.

Esta proba, que se levará a cabo de forma escrita, terá lugar o día 14 de maio de 2022, ás 18 horas, no IES As Fontiñas (rúa Estocolmo 5, Santiago de Compostela) e consistirá na resposta a varias cuestións sobre o temario de lingua galega que figura como anexo V e nunha tradución do castelán ao galego.

9.2. Tribunais de valoración.

A valoración da proba a realizará o tribunal designado por resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, composto por:

- Unha presidencia, designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- Catro vogais, designados/as por sorteo público mediante aplicación informática entre o persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos de ensino secundario ou de profesores de ensino secundario, da especialidade de Lingua galega e literatura, e que estean destinados nesta.

Da mesma maneira designaranse dous tribunais suplentes.

9.3. Valoración da proba.

O tribunal valorará esta proba de «apto/a» e «non apto/a». Quedarán excluídas do procedemento selectivo as persoas cualificadas como «non aptas».

Rematada a realización da proba, o tribunal fará pública a valoración do persoal aspirante na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/oposicions> e elevaraa á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, para a súa incorporación ao expediente.

Base décima. *Comezo e desenvolvemento do procedemento selectivo*

10.1. Comezo.

O procedemento selectivo dará comezo a partir do día 18 de xuño de 2022.

10.2. Orde de actuación.

En primeiro lugar realizarase a primeira proba polo persoal aspirante polo sistema de ingreso libre.

A continuación, a actuación do persoal aspirante, cando non sexa simultánea, será realizada pola seguinte orde:

a) Se é o caso, persoal aspirante que concorran polo procedemento de adquisición doutra especialidade, pola orde que se establece no último parágrafo desta base.

b) Persoal aspirante que concorra pola quenda de prazas reservadas a persoal funcionario dos corpos e escalas docentes clasificadas no subgrupo A2, por orde alfabética, de acordo coas normas do último parágrafo desta base sen prexuízo do establecido para a parte práctica na base décimo sexta da presente convocatoria.

c) Persoal aspirante que concorra pola quenda de prazas reservadas para persoas con discapacidade, de acordo coas normas do último parágrafo desta base.

d) Restantes aspirantes.

A orde de actuación do persoal aspirante iniciarase alfabeticamente por quen teña como inicial do primeiro apelido a letra que resulte conforme o sorteo efectuado pola Consellería de Facenda e Administración Pública no ano 2022. Os tribunais que non contén con persoal aspirante cuxo apelido empece pola letra indicada, iniciarán a orde de actuación coa letra ou letras seguintes.

10.3. Citación do persoal aspirante.

10.3.1. O persoal aspirante será convocado, a través da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal/oposicions> para a realización da proba, de ser o caso, de acreditación do coñecemento do castelán, da proba de coñecementos da lingua galega, do acto de presentación, a primeira parte da proba do corpo de inspectores de educación prevista na base décimo segunda, as dúas partes que integran a primeira proba prevista na base décimo terceira e seguintes desta convocatoria, con cinco días hábiles de antelación, como mínimo, indicando a data, a hora e o lugar en que se realizarán estes actos.

10.3.2. O persoal aspirante será convocado para cada parte de cada proba en único chamamento e será excluído do proceso selectivo quen non compareza, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

10.3.3. Unha vez comezado o procedemento selectivo, os tribunais deberán facer públicos os sucesivos chamamentos ao persoal aspirante na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal/oposicions>, con 24 horas, como mínimo, de antelación.

10.4. Identificación do persoal aspirante.

O tribunal poderá requirir en calquera momento o persoal aspirante para que acredite a súa identidade.

10.5. Exclusión do persoal aspirante.

Se en calquera momento do proceso selectivo os tribunais teñen coñecemento de que algunha persoa aspirante non posúe algún dos requisitos esixidos por esta convocatoria, despois de audiencia á persoa interesada, deberán propoñer a súa exclusión á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, comunicándolle, así mesmo, as inexactitudes ou falsidades formuladas pola persoa aspirante na solicitude de admisión ás probas selectivas, para os efectos que procedan.

Contra a exclusión, a persoa aspirante poderá formular recurso de reposición perante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Así mesmo, os tribunais teñen a facultade de poder excluír do procedemento selectivo a aquela persoa aspirante que leve a cabo calquera actuación de tipo fraudulento durante a realización dos exercicios.

Contra a exclusión, a persoa aspirante poderá formular recurso de alzada perante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

10.6. Idiomas modernos.

Todas as probas correspondentes ás especialidades de idiomas modernos desenvolveranse no idioma correspondente.

10.7. Acto de presentación.

O acto de presentación de asistencia obrigatoria para todas as persoas aspirantes dos procedementos selectivos celebrarase a partir do 18 de xuño de 2022.

Este acto de presentación, que terá lugar con posterioridade á realización das probas de coñecemento do castelán e da lingua galega, ten carácter persoalísimo e, en consecuencia, non se admitirán acreditacións nin poderes de representación.

As persoas aspirantes que non asistan ao dito acto decaerán nos seus dereitos e serán excluídas do procedemento, agás nos casos de forza maior debidamente xustificados e libremente apreciados polo tribunal; igualmente, será motivo de exclusión o feito de presentarse nun tribunal ao cal non se estea adscrito.

Se este acto de presentación ou a realización dalgunha das partes da proba coincide co ingreso hospitalario dalgunha das aspirantes ou do informe facultativo se deduce a imposibilidade de asistir ao acto de presentación ou á realización da proba por causas derivadas do embarazo, o tribunal adoptará as medidas oportunas para impedir a discriminación por razón de sexo.

Neste acto de presentación os tribunais identificarán as persoas aspirantes, que deberán ir provistas do documento nacional de identidade ou documento similar que acredite a identidade. Darán as instrucións que consideren convenientes e aclararán as dúbidas suscitadas para o mellor desenvolvemento do procedemento selectivo.

Base décimo primeira. *Sistema de selección*

11.1. Sistema selectivo.

O sistema de ingreso e acceso na función pública docente será o de concurso-oposición. No sistema de ingreso existirá, ademais, unha fase de prácticas que formará parte do proceso selectivo.

11.2. Temarios.

- Corpo de inspectores de educación:

Orde EDU/3249/2009, do 11 de decembro, pola que se aproba o temario da fase de oposición do procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de educación (BOE núm. 306, do 21 de decembro de 2009)

- Corpo de profesores de ensino secundario:

Nas especialidades de Filosofía, Grego, Latín, Lingua Castelá e Literatura, Xeografía e Historia, Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Debuxo, Francés, Inglés, Portugués, Música, Educación Física, Orientación educativa e Tecnoloxía: Anexo III da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE núm. 226, do 21 de setembro).

Nas especialidades de Administración de Empresas, Análise e química industrial, Asesoría e procesos de imaxe persoal, Formación e Orientación Laboral, Informática, Organización e Xestión Comercial, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos, Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica, Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos, Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos, Procesos Sanitarios, Sistemas Electrónicas e Sistemas Electrotécnicos: Anexo I da Orde do 1 de febreiro de 1996 (BOE núm. 38, do 13 de febreiro).

Na especialidade de Lingua Galega e Literatura: Orde do 1 de marzo de 1995 (DOG núm. 56, do 21 de marzo)

- Corpo de mestres:

Anexo I da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE núm. 226, do 21 de setembro)

Para a especialidade de Educación Primaria: Orden ECI/592/2007, do 12 de marzo (BOE núm. 64, do 15 de marzo)

- Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas

Anexo VI da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE núm. 226, do 21 de setembro)

- Corpo de profesores de artes plásticas e deseño.

Orde ECD/826/2004, do 22 de marzo (BOE núm. 78, do 31 de marzo).

11.3. Fase de concurso.

11.3.1. Presentación de méritos ante o tribunal do persoal aspirante.

Nesta fase, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, valoraranse os méritos que concorran no persoal aspirante ata finalizar o prazo de presentación de solicitudes sinalado na epígrafe 3.7, conforme o baremo que se inclúe como anexo II, III e IV desta convocatoria, segundo se trate de

persoal aspirante ao acceso ao corpo de inspectores de educación, ao ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres ou acceso ao corpo de profesores de ensino secundario ou profesores de artes plásticas e deseño.

A documentación acreditativa dos méritos alegados xunto co documento que os relaciona deberán presentarse só polo seguinte persoal:

- O persoal aspirante a ingresar nos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres que supere a primeira proba.
- O persoal aspirante a acceso ao corpo de inspectores de educación que supere a primeira parte da proba.
- O persoal aspirante a acceder ao corpo de profesores de ensino secundario e profesores de artes plásticas e deseño que supere a proba.

Esta documentación debe presentarse na forma que se establece no anexo II, III e IV desta orde e no prazo que estableza o propio tribunal ao publicar a resolución que faga pública a relación de persoal aspirante que superou a primeira proba, a primeira parte da proba ou a proba, segundo proceda no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal/oposicions>

No caso do persoal aspirante a acceder ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario ou profesores de artes plásticas e deseño pola quenda de promoción do subgrupo A2 ao subgrupo A1 relacionará todos os méritos que alegue debendo acreditar documentalmente unicamente aqueles méritos que non consten na base de datos de profesorado.

Xunto coa documentación xustificativa presentarase ante o Tribunal a relación dos méritos alegados, no modelo que consta no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal/oposicions>

Independentemente da data de presentación ante o tribunal da citada documentación, todos os méritos alegados deben posuírse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

A documentación acreditativa dos méritos de cada persoa aspirante quedará baixo a custodia da presidencia do tribunal, que a entregará á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, unha vez finalizado o procedemento selectivo, xunto co expediente administrativo.

11.3.2. Puntuación provisional da fase de concurso e prazo de reclamacións.

A valoración dos méritos realizaraa o tribunal tendo en conta o disposto nos anexos II, III e IV segundo se trate de persoas aspirantes ao acceso ao corpo de inspectores de educación, quenda

libre dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres, ou da quenda de acceso para persoal docente do subgrupo A2 ao A1.

A puntuación provisional da fase de concurso, por epígrafes, publicárase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal/oposicions>. Contra ela poderá presentarse reclamación perante o propio tribunal, mediante escrito dirixido ao tribunal, no prazo de tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo, o tribunal poderá, por iniciativa propia, modificar a puntuación provisional outorgada, previa audiencia da persoa interesada, cando se producira un erro na baremación.

11.3.3. Puntuación definitiva.

Resoltas as reclamacións contra a resolución provisional, o tribunal fará pública a puntuación definitiva da fase de concurso no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal/oposicions>. Soamente é preceptivo publicar a puntuación definitiva da fase de concurso do persoal aspirante que supere a fase de oposición.

11.3.4. Recurso de alzada.

Contra a resolución que fará pública as puntuacións definitivas da fase de concurso poderase formular recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Base décimo segunda. *Desenvolvemento da fase de oposición de acceso ao corpo de inspectores de educación.*

12.1. Fase de oposición.

A fase de oposición consistirá nunha proba na que se valorarán os coñecementos pedagóxicos, de administración e lexislación educativa adecuada á función inspectora que van a realizar as persoas aspirantes, así como os coñecementos e técnicas específicas para o desempeño desta. A proba constará de tres partes, nas que haberá que obter unha cualificación mínima de cinco puntos en cada unha delas.

12.2. Partes da proba.

a) Parte primeira. Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema referido á parte A do temario, elixido polo persoal aspirante de entre dous extraídos ao chou polo tribunal.

Para a realización deste exercicio escrito o persoal aspirante disporá dun máximo de tres horas.

Este exercicio será lido polo persoal aspirante ante o tribunal, que poderá formular as preguntas ou aclaracións que estime pertinentes, durante un período máximo de quince minutos.

b) Parte segunda. O persoal aspirante que obteña, polo menos, un cinco na primeira parte da proba, realizará esta segunda parte consistente na exposición oral dun tema, referido á parte B do temario, elixido polo persoal aspirante de entre dous extraídos ao chou polo tribunal.

O persoal aspirante disporá de trinta minutos para a preparación deste exercicio e dun máximo de sesenta minutos para a súa exposición oral. Terminada a exposición, o tribunal poderá formular as preguntas ou aclaracións que estime pertinentes, durante un período máximo de quince minutos.

c) Parte terceira. O persoal aspirante que obteña, polo menos, un cinco na segunda parte da proba, realizará esta terceira, que consistirá na análise por escrito dun caso práctico sobre as técnicas adecuadas para a actuación da Inspección de Educación, que será proposto polo tribunal.

Para a realización deste exercicio escrito o persoal aspirante disporá dun máximo de tres horas. O exercicio será lido polo persoal aspirante ante o tribunal.

12.3. Cualificación da fase de oposición.

O tribunal cualificará cada unha das partes da proba de cero a dez puntos, sendo necesario alcanzar en cada unha delas unha puntuación igual ou superior a cinco para considerar que o persoal aspirante superou a fase de oposición e, polo tanto, poder acceder á valoración dos méritos da fase de concurso.

A cualificación correspondente a cada parte da proba será a media aritmética da puntuación de todos os membros presentes no tribunal, debendo calculalas con aproximación de ata as dez milésimas, para evitar dentro do posible que se produzan empates. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, a puntuación media calcularase entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, só será excluída unha delas.

A puntuación final da proba, unha vez superadas as tres partes da mesma, será o resultado de ponderar nun 40% a puntuación obtida na parte terceira e un 30% cada unha das outras partes.

Base décimo terceira. *Desenvolvemento da fase de oposición de ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de artes plásticas e deseño tanto pola quenda libre como pola reserva de persoas con discapacidade.*

Nesta fase valorarase a posesión dos coñecementos específicos, científicos e técnicos da especialidade docente á que opta o persoal aspirante, así como a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente.

13.1. De conformidade co establecido no artigo 20.2 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, o persoal aspirante ás especialidades de Alemán, Francés e Inglés deberá desenvolver as probas no idioma correspondente.

13.2. As dúas partes que integran a primeira proba poderán realizarse no mesmo día. As dúas partes que integran a segunda proba realizaranse nunha mesma sesión.

13.3. Primeira proba. Esta proba terá por obxecto a demostración dos coñecementos específicos da especialidade docente á que se opta, e constará de dúas partes que serán valoradas conxuntamente:

13.3.1. Parte A: Incluirá unha proba práctica consistente na realización dunha serie de exercicios, que poderán ser por escrito, que se axustará, para cada especialidade, ao disposto no anexo VI desta orde, e que permitirá comprobar que o persoal aspirante posúe a formación científica e o dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade á que se opte. O tempo asignado para a realización desta proba será establecido polos tribunais.

No caso de especialidades propias das Ensinanzas Artísticas que atenden exclusivamente as ensinanzas artísticas superiores, neste exercicio práctico, deberase acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das Ensinanzas Artísticas. Os tribunais determinarán as características e duración deste exercicio.

13.3.2. Parte B: Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo persoal aspirante de entre o número de temas que a continuación se relacionan, dos temarios que compoñen o temario oficial de cada especialidade, extraídos ao chou polo tribunal:

- Corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de artes plásticas e deseño: deberá elixirse entre catro temas.

O persoal aspirante disporá de dúas horas para a realización desta parte da primeira proba.

Ao efectuarse a primeira e segunda parte da proba por escrito procederase a súa lectura conxunta e a cualificación de cada parte realizarase por separado.

13.3.3. Cualificación da primeira proba.

A primeira parte e a segunda parte da proba cualificaranse de 0 a 10 puntos, ponderándose do seguinte xeito:

- Parte A: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

- Parte B: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.

Para superar esta proba o persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25 por 100 do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos. Finalizada esta proba, os tribunais publicarán no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal/oposicions> as puntuacións obtidas polo persoal aspirante que a superou.

13.4 Segunda proba.

O persoal aspirante que superou a primeira proba realizará esta segunda proba que terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica do persoal aspirante e do seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente. A proba componse de dúas partes:

Parte A: Presentación e defensa dunha programación didáctica.

A programación didáctica fará referencia ao currículo dunha materia ou módulo relacionado coa especialidade por que se participa, na cal deberán especificarse os obxectivos, as competencias, os contidos, a metodoloxía didáctica, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, os criterios de avaliación, así como a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta programación corresponderase cun curso escolar dun dos niveis ou etapas educativas en que o profesorado da especialidade teña atribuída competencia docente para impartilo, elixido pola persoa candidata, e deberá organizarse en unidades didácticas de tal maneira que cada unha delas se poida desenvolver completamente no tempo asignado para a súa exposición; en calquera caso, unha programación para un curso escolar deberá conter, como mínimo, 15 unidades didácticas que deberán estar enumeradas, e terá, sen incluír anexos, unha extensión máxima de 60 folios, formato DIN-A4, escritos a unha soa cara e dobre espazo interlineal (a excepción das táboas, nas que non será preciso respectar o espazo interlineal), con letra tipo arial, sen comprimir, tamaño de 12 puntos. No caso das especialidades propias da formación profesional, a programación axustarase ao contido das táboas establecido no anexo XIII da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial ou calquera dos modelos incorporados na aplicación informática actualizada dispoñible nos centros educativos e deberá conter un mínimo de 4 unidades didácticas. No caso das especialidades do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, a programación deberá conter un mínimo de 10 unidades didácticas.

Na extensión máxima de 60 folios non se computará a portada nin a contraportada. Si se computará o índice.

Resultará excluído do procedemento selectivo o persoal aspirante cuxa programación non se axuste ao establecido nos parágrafos anteriores. En ningún caso poderá excluírse as persoas aspirantes por deficiencias no contido da programación.

As programacións versarán sobre os seguintes currículos:

No caso das especialidades con competencia docente na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato: Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso das especialidades específicas de formación profesional, os publicados no Diario Oficial de Galicia no momento da publicación desta orde ou, de ser o caso, os aplicables na comunidade autónoma. Non poderá realizarse a programación dun módulo de formación en centros de traballo nin no módulo do proxecto.

No caso das especialidades do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas: Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso das especialidades do corpo de profesores de artes plásticas e deseño a programación didáctica fará referencia ao currículo dunha disciplina ou módulo relacionado coa especialidade pola que se participa.

A programación deberá entregarse ao tribunal polo persoal aspirante que supere a primeira proba no centro no que están actuando, no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións da primeira proba.

Parte B. Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal.

A parte B da proba consistirá na preparación e exposición oral dunha unidade didáctica. A preparación e exposición oral, ante o tribunal, dunha unidade didáctica poderá estar relacionada coa programación presentada pola persoa aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade. No primeiro caso, a persoa aspirante elixirá o contido da unidade didáctica de entre tres extraídas ao chou por ela mesma, da súa programación. No segundo caso, a persoa aspirante elixirá o contido dunha unidade didáctica dun tema de entre tres extraídos ao chou por ela mesma, do temario oficial da especialidade. Na elaboración da citade unidade didáctica deberán concretarse os obxectivos de aprendizaxe que perseguen con ela, os seus contidos, as actividades de ensinanza e aprendizaxe que se van a formular na aula e os seus procedementos de avaliación.

O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia a utilizar non poderá ser susceptible de dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.)

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá achegar el mesmo, sempre que sexa aprobado polo tribunal, así como un guión que non excederá dunha páxina e que se entregará ao tribunal ao final desta.

O persoal aspirante disporá dun tempo máximo dunha hora para a defensa oral da programación, a exposición da unidade didáctica e posterior debate ante o tribunal. O persoal aspirante iniciará a súa exposición coa defensa da programación didáctica presentada, que non poderá exceder de vinte minutos, e a continuación realizará a exposición da unidade didáctica, que non excederá de trinta minutos. A duración do debate, se é o caso, non poderá exceder de dez minutos.

13.5. Segunda proba na especialidade de orientación educativa.

Parte A. Presentación e defensa dun plan anual do departamento de orientación dun centro.

O plan anual fará referencia ao plan de orientación do centro e incluírá, alomenos, os seguintes aspectos: xustificación baseada no contexto, obxectivos, planificación xeral e definición de accións prioritarias, estratexias de intervención e criterios de avaliación do plan. Este plan anual corresponderase cun curso escolar, debendo organizarse en programas específicos de intervención. En calquera caso un plan anual deberá contar, como mínimo, con seis programas específicos de intervención, que deberán estar numerados e terá as mesmas características establecidas para a programación didáctica, debendo entregarse ao tribunal por aqueles que superen a primeira proba, no centro no que están actuando e no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións daquelas que superaron a citada proba.

Parte B: Preparación e exposición oral dun programa específico de intervención.

A parte B da proba consistirá na preparación e exposición oral dun programa de intervención específico. A preparación e exposición oral diante do tribunal dun programa específico de intervención que poderá estar relacionado co plan anual de departamento presentado polo aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade. No primeiro caso, o persoal aspirante elixirá o contido dun programa específico de intervención de entre tres extraídos ao chou por el mesmo do seu plan anual do departamento de orientación. No segundo caso, o persoal aspirante elixirá o contido do programa específico de intervención dun tema de entre tres extraídos por el mesmo do temario oficial da especialidade.

O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación do plan de actuación específico e poderá utilizar o material que estime oportuno.

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar un guión que non excederá dun folio e que entregará ao tribunal unha vez rematada a súa exposición.

O persoal aspirante disporá dun período máximo dunha hora para a defensa do plan anual do departamento de orientación dun centro, a exposición do plan de actuación específico e posterior debate diante do tribunal. O persoal aspirante iniciará a súa exposición coa defensa do plan anual do departamento de orientación dun centro, que non poderá exceder de vinte minutos, e a continuación realizará a exposición do plan de actuación específico, que non excederá de trinta minutos. A duración do debate, se é o caso, non poderá exceder de dez minutos.

13.6. Cualificación da segunda proba.

Esta segunda proba valorarase globalmente de cero a dez puntos, de acordo cos criterios contidos nas rúbricas que se publican como anexos X, XI, XIII, XIV e XV segundo corresponda, debendo alcanzar o persoal aspirante, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

-Corpo de profesores de ensino secundario: especialidades que imparten a ESO e o Bacharelato: anexo X

- Corpo de profesores de ensino secundario: especialidades que imparten a formación profesional específica: anexo XI

- Corpo de profesores de ensino secundario: especialidade de Orientación Educativa: Anexo XIII

- Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas: anexo XIV

- Corpo de profesores de artes plásticas e deseño: anexo XV

A primeira parte e a segunda parte da segunda proba ponderarase do seguinte xeito:

- Parte A: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.

- Parte B: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

13.7. Cualificación da fase de oposición.

A cualificación correspondente a esta fase de oposición será a media aritmética das puntuacións obtidas nas dúas probas que a integran cando ambas fosen superadas.

13.8. Cualificación do tribunal.

A cualificación de cada parte da proba correspondente á fase de oposición será a media aritmética das puntuacións de todos os membros presentes no tribunal, debendo calculalas con aproximación de ata dez milésimas, para evitar no posible que se produzan empates. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros serán

automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

Estas cualificacións individuais de cada membro do tribunal faranse constar no expediente administrativo.

Base décimo cuarta. *Desenvolvemento da fase de oposición de ingreso no corpo de mestres tanto pola quenda libre como pola reserva de persoas con discapacidade*

14.1. De conformidade co establecido no artigo 20.2 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, o persoal aspirante á especialidade de lingua estranxeira: inglés ou francés deberá desenvolver as probas neste idioma.

14.2. As dúas partes que integran a primeira proba deberán realizarse no mesmo día. As dúas partes que integran a segunda proba realizaranse nunha mesma sesión.

14.3. Primeira proba. Esta proba terá por obxecto a demostración dos coñecementos específicos da especialidade docente á que se opta, e constará de dúas partes que serán valoradas conxuntamente:

14.3.1. Parte A: Incluirá unha proba práctica consistente na realización dunha serie de exercicios por escrito que se axustará, para cada especialidade, ao disposto no anexo VI desta orde, e que permitirá comprobar que o persoal aspirante posúe a formación científica e o dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade á que se opte. O tempo asignado para a realización desta proba será establecido polos tribunais.

14.3.2. Parte B: Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo aspirante de entre dous temas dos temarios que compoñen o temario oficial de cada especialidade, extraídos ao chou polo tribunal.

O persoal aspirante disporá de dúas horas para a realización desta parte da primeira proba.

No suposto de que a primeira parte da proba se realice por escrito procederase a súa lectura conxunta coa segunda e a cualificación de cada parte realizarase por separado.

14.3.3. Cualificación da primeira proba.

A primeira parte e a segunda parte da proba cualificaranse de 0 a 10 puntos, ponderándose do seguinte xeito:

- Parte A: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

- Parte B: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.

Para superar esta proba o persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25 por 100 do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos. Finalizada esta proba, os tribunais publicarán no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal/oposicions> as puntuacións obtidas polo persoal aspirante que a superou.

14.4 Segunda proba nas especialidades de educación infantil, lingua estranxeira: francés, lingua estranxeira: inglés, música, educación física e educación primaria. Proba de aptitude pedagóxica.

O persoal aspirante que superou a primeira proba realizará esta segunda proba que terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica do persoal aspirante e do seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente. A proba componse de dúas partes:

Parte A: Presentación e defensa dunha programación didáctica.

A programación didáctica fará referencia ao currículo dunha área relacionado coa especialidade por que se participa, na cal deberán especificarse, no caso de educación infantil, as competencias base, os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estratexias metodolóxicas, así como a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e nas restantes especialidades os obxectivos, as competencias clave, os contidos, a metodoloxía didáctica, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, os criterios de avaliación, así como a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta programación corresponderase cun curso escolar da etapa educativa en que o profesorado da especialidade teña atribuída competencia docente para impartilo, elixido pola persoa candidata, e deberá organizarse en unidades didácticas de tal maneira que cada unha delas se poida desenvolver completamente no tempo asignado para a súa exposición; en calquera caso, unha programación para un curso escolar deberá conter, como mínimo, 15 unidades didácticas que deberán estar enumeradas, e terá, sen incluír anexos, unha extensión máxima de 60 folios, formato DIN-A4, escritos a unha soa cara e dobre espazo interlineal (a excepción das táboas, nas que non será preciso respectar o espazo interlineal), con letra tipo arial, sen comprimir, tamaño de 12 puntos.

Na extensión máxima de 60 folios non se computará a portada nin a contraportada. Si se computará o índice.

Resultará excluído do procedemento selectivo o persoal aspirante cuxa programación non se axuste ao establecido nos parágrafos anteriores. En ningún caso poderá excluírse ás persoas aspirantes por deficiencias no contido da programación.

As programacións versarán sobre os currículos aprobados polo Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e para a especialidade de Educación Infantil, o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e para a especialidade de idioma estranxeiro: francés, o Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro (BOE núm. 52, do 1 de marzo).

A programación deberá entregarse ao tribunal polo persoal aspirante que supere a primeira proba no centro no que están actuando, no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións da primeira proba.

Parte B. Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal.

A parte B da proba consistirá na preparación e exposición oral dunha unidade didáctica. A preparación e exposición oral, ante o tribunal, dunha unidade didáctica poderá estar relacionada coa programación presentada polo aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade. No primeiro caso, o persoal aspirante elixirá o contido da unidade didáctica de entre tres extraídas ao chou por el mesmo, da súa programación. No segundo caso, o persoal aspirante elixirá o contido dunha unidade didáctica dun tema de entre tres extraídos ao chou por el mesmo, do temario oficial da especialidade. Na elaboración da citada unidade didáctica deberán concretarse os obxectivos de aprendizaxe que perseguen con ela, as competencias base ou clave (segundo proceda), os seus contidos, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis e as actividades de ensinanza e aprendizaxe que se van a formular na aula e os criterios de avaliación.

O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia a utilizar non poderá ser susceptible da dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.).

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá achegar el mesmo, sempre que sexa aprobado polo tribunal, así como un guión que non excederá dunha páxina e que se entregará ao tribunal ao final desta.

O persoal aspirante disporá dun tempo máximo dunha hora para a defensa oral da programación, a exposición da unidade didáctica e posterior debate ante o tribunal. O persoal aspirante iniciará a súa exposición coa defensa da programación didáctica presentada, que non poderá exceder de vinte minutos, e a continuación realizará a exposición da unidade didáctica, que non excederá de trinta minutos. A duración do debate, se é o caso, non poderá exceder de dez minutos.

14.5. Segunda proba nas especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Proba de aptitude pedagóxica.

No caso de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, esta segunda proba terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica do persoal aspirante e o seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio da súa función de asesoramento e orientación educativa. Consistirá na presentación dun plan de apoio para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo e na elaboración e exposición oral dun programa de intervención.

Parte A: O plan de apoio para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo deberá conter, como mínimo, seis programas de intervención e basearse na normativa vixente e nas necesidades do alumnado, do centro e do contexto, e contemplará competencias clave ou base (segundo proceda), obxectivos, contidos, actividades, estratexias metodolóxicas, recursos materiais, humanos e organizativos, temporalización das accións, avaliación e propostas de mellora. Neste plan deberá prestarse especial relevancia á actuación do persoal aspirante como profesor de apoio.

O plan de apoio para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que terá as mesmas características establecidas para a programación didáctica, deberá entregarse ao tribunal por aqueles que superen a primeira proba, no centro no que están actuando e no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións daqueles que superaron a citada proba.

Parte B: Elaboración diante do tribunal e exposición oral dun programa de intervención relacionado co plan de apoio para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo presentado polo persoal aspirante, ou elaborado a partir do temario oficial da especialidade. No primeiro caso, o persoal aspirante elixirá ao chou un programa de intervención con alumnado con necesidade específica de apoio educativo (alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar). No segundo caso, o aspirante elixirá o contido do programa de intervención dun tema de entre tres elixidos ao chou por el mesmo, do temario oficial da especialidade.

O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación do programa de intervención e poderá utilizar o material que estime oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia a utilizar non poderá ser susceptible de dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.).

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar un guión que non excederá dunha páxina e que entregará ao tribunal unha vez rematada a súa exposición.

O persoal aspirante disporá dun período máximo dunha hora para a defensa do plan de apoio para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, a exposición do programa de intervención e posterior debate diante do tribunal. O persoal aspirante iniciará a súa exposición coa

defensa do plan de apoio para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que non poderá exceder de vinte minutos, e a continuación realizará a exposición do programa de intervención, que non excederá de trinta minutos. A duración do debate, se é o caso, non poderá exceder de dez minutos.

14.6. Cualificación da segunda proba.

Esta segunda proba valorarase globalmente de cero a dez puntos, de acordo cos criterios contidos nas rúbricas que se publican como anexos X e XII segundo corresponda, debendo alcanzar o persoal aspirante, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

A correspondencia é a seguinte:

- Corpo de mestres: anexo X
- Corpo de mestres: especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe: anexo XII

A primeira parte e a segunda parte da segunda proba ponderarase do seguinte xeito:

- Parte A: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.
- Parte B: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

14.7. Cualificación da fase de oposición.

A cualificación correspondente a esta fase de oposición será a media aritmética das puntuacións obtidas nas dúas probas que a integran cando ambas fosen superadas.

14.8. Cualificación do tribunal.

A cualificación de cada parte da proba correspondente á fase de oposición será a media aritmética das puntuacións de todos os membros presentes no tribunal, debendo calculalas con aproximación de ata dez milésimas, para evitar no posible que se produzan empates. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

Estas cualificacións individuais de cada membro do tribunal faranse constar no expediente administrativo.

Base décimo quinta. *Acceso á fase de concurso*

A cualificación final da fase de oposición expresarase en números de cero a dez, sendo necesario obter, polo menos, cinco puntos para poder acceder á fase de concurso.

O número de persoas aspirantes que acceda á fase de concurso poderá ser superior ao número de prazas convocadas.

Base décimo sexta. *Fase de oposición no procedemento selectivo de acceso a corpo de grupo superior nos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de artes plásticas e deseño.*

A proba consistirá na exposición ante o tribunal dun tema da especialidade á que se opte, elixido por cada persoa aspirante entre oito, extraídos ao chou polo tribunal, dos correspondentes ao temario do corpo e especialidade aos que se presentan.

No caso de que haxa concordancia entre a titulación académica coa que se opta e a especialidade á que aspira, o tema será elixido de entre nove extraídos ao chou polo tribunal. Enténdese que hai concordancia para cada especialidade cando se posúa unha das titulacións que se relacionan na Orde do 20 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería (Diario Oficial de Galicia núm. 235 do 11 de decembro de 2019).

No suposto de especialidades do corpo de profesores de artes plásticas e deseño enténdese que hai concordancia para cada especialidade cando se posúa unha das titulacións que se relacionan na base vixésimo sexta da presente orde.

O persoal aspirante disporá de dúas horas e trinta minutos para a súa preparación, e poderá utilizar o material que considere oportuno. A exposición terá unha duración máxima dunha hora, e nesta atenderase tanto aos coñecementos sobre a materia como aos recursos didácticos e pedagóxicos que se vaian empregar. Nesta exposición, o persoal aspirante poderá utilizar un guión dunha extensión máxima dunha páxina que deberá ser entregado ao tribunal cando remate esta.

Para as especialidades de Administración de Empresas, Análise e Química Industrial, Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal, Informática, Organización e Xestión Comercial, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos, Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica, Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos, Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos, Procesos Sanitarios, Sistemas Electrónicos, Sistemas Electrotécnicos e Automáticos e todas as especialidades do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, a proba estará dividida en dúas partes, unha de contido práctico e outra consistente na exposición oral dun tema coas mesmas características especificadas no paragrafo anterior. As características da parte

práctica da proba serán as establecidas no anexo VI da presente convocatoria e levarase a cabo o mesmo día e a mesma hora que o persoal aspirante que se presente polo sistema de ingreso. A valoración da parte práctica da proba será conxunta coa outra parte da proba, a exposición oral.

Quedarán exentos de realizar esta parte práctica da proba o persoal aspirante que pertenza ao corpo de profesores técnicos de formación profesional dunha especialidade da mesma familia profesional para a que principalmente teñan atribuída a competencia docente as persoas especialistas de Administración de Empresas, Análise e Química Industrial, Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal, Informática, Organización e Xestión Comercial, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos, Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica, Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos, Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos, Procesos Sanitarios, Sistemas Electrónicos e Sistemas Electrotécnicos e Automáticos, segundo proceda. Así mesmo, quedarán exentos de realizar esta parte práctica da proba o persoal aspirante que pertenza ao corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño dunha especialidade para a que principalmente teñan atribuída a competencia docente as persoas especialistas de....., segundo proceda.

A proba valorarase de cero a dez puntos e o persoal aspirante deberá obter, polo menos, cinco puntos para superala. Para a súa superación atenderase tanto aos coñecementos sobre a materia, como aos recursos didácticos e pedagóxicos do persoal aspirante.

Base décimo sétima. Forma de cubrir as prazas de reserva

Os tribunais, para os efectos de cubrir as prazas obxecto desta convocatoria pola reserva de persoas con discapacidade, axustaranse ás seguintes normas:

a) Se houber un número suficiente de persoal aspirante que cumpra os requisitos mínimos para aprobar, entre o persoal aspirante que concorran ás prazas reservadas para persoas con discapacidade, a totalidade destas prazas adxudicaráselles ás persoas que participen por esta quenda, calquera que sexa a súa puntuación.

b) As persoas que concorran ás prazas reservadas para persoas con discapacidade e que, reunindo os requisitos mínimos para aprobar, excedan o número de prazas asignadas ao tribunal para esta reserva, concorrerán á formación da lista de persoas aprobadas do tribunal en igualdade de condicións que os das prazas libres ou de promoción interna, segundo corresponda, coa súa puntuación e tal e como se determina na base décimo oitava.

c) No caso de que existan prazas da reserva de persoas con discapacidade que non poidan ser cubertas por non existir un número suficiente de persoal aspirante coa puntuación mínima requirida, estas acumúlense ás libres ou de acceso, segundo corresponda, e serán distribuídas pola

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo co procedemento establecido na epígrafe 1.6.

d) No caso de que existan prazas da quenda de promoción do subgrupo A2 ao subgrupo A1 que non poidan ser cubertas por non existir un número suficiente de persoal aspirante con puntuación mínima requirida, estas non se acumularán as prazas da quenda libre.

Base décimo oitava.- *Superación do procedemento selectivo*

18.1. Persoal seleccionado polo procedemento de acceso ao subgrupo A1 desde corpos docentes do subgrupo A2 e pola quenda de reserva deste procedemento.

a) Resultará seleccionado o persoal candidato que, obtendo un mínimo de cinco puntos na proba e ao ser ordenado segundo a suma das puntuacións alcanzadas no concurso e na proba, obteñan un número igual ou inferior ao número de prazas asignadas ao procedemento polo que participan.

Para a obtención da puntuación global, o tribunal ponderará un 55% a puntuación obtida na fase de oposición e un 45% a puntuación obtida na fase de concurso, resultando a puntuación global da suma de ambas as fases unha vez realizadas as ponderacións mencionadas.

b) Os posibles empates resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

1. Maior puntuación na proba.

2. Maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo de méritos, pola orde na que aparecen nesta convocatoria.

3. Maior puntuación en cada unha das subepígrafes do baremo, pola orde na que aparecen nesta convocatoria.

4. No caso de que persista o empate, o desempate dirimirase a través da realización dunha proba por escrito sobre cuestións breves referentes ao temario da especialidade. De ser o caso, o persoal aspirante será convocado para esta proba polo tribunal cunha antelación mínima de 48 horas.

18.2. Persoal seleccionado para os corpos de inspectores de educación, profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres pola quenda libre e quenda de reserva de persoas con discapacidade.

Obtida a cualificación da fase de oposición, os tribunais avaliarán definitivamente a fase de concurso do persoal aspirante que superou a fase de oposición, resultando seleccionado para pasar á fase de prácticas o persoal aspirante que, unha vez ordenado segundo a puntuación global da

fase de oposición e concurso, teña un número de orde igual ou menor que o número total de prazas asignadas ao tribunal.

De conformidade co establecido nos artigos 25 e 47 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro a ponderación das puntuacións das fases de oposición e concurso para formar a puntuación global será de dous terzos a fase de oposición e un terzo a fase de concurso.

As prazas que puideran quedar vacantes nalgún tribunal serán asignadas pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos á persoa que superou a fase de oposición e que teña maior puntuación na fase de concurso-oposición, unha vez efectuadas as ponderacións pertinentes, do tribunal da mesma especialidade que proceda segundo o sistema de distribución de prazas establecido na base 1.6 desta convocatoria.

18.3. Criterios de desempate.

No caso de que se produzan empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición.
- b) Maior puntuación en cada un dos exercicios da oposición, pola orde en que estes aparecen nesta convocatoria.
- c) Maior puntuación nas epígrafes do baremo de méritos, pola orde en que estas aparecen nesta convocatoria.
- d) Maior puntuación nas subepígrafes do baremo de méritos, pola orde en que estas parecen nesta convocatoria.
- e) En caso de persistir o empate, este dirimirase a través da realización dunha proba que se realizará por escrito sobre cuestións breves referidas ao temario da especialidade. Esta proba será elaborada, organizada e avaliada polo tribunal correspondente. As persoas aspirantes serán convocadas para esta proba polo propio tribunal cunha antelación mínima de 48 horas.

18.4. Orde de relación .

Os tribunais confeccionarán a correspondente relación de persoal aspirante que superou o concurso-oposición ata o número máximo de prazas que lle foron asignadas a cada un deles, ordenados de acordo co establecido nas bases anteriores.

Esta relación farase pública na páxina web <http://www.edu.xunta.ga/oposicions> outorgándose un prazo de dous días hábiles para reclamar contra posibles erros.

Contra as listas definitivas as persoas interesadas poderán formular, de conformidade co disposto nos artigos 112 e 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

18.5. En ningún caso os tribunais, poderán aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de persoas aspirantes ao de prazas asignadas a cada un deles. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido neste punto será nula de pleno dereito.

18.6. O persoal aspirante que supere no mesmo corpo os procedementos selectivos convocados por esta consellería e polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, ou noutra comunidade autónoma con competencias en materia educativa, se optasen polo posto de traballo correspondente ao ámbito da Consellería de Cultura, Educación e Universidade deberán presentar solicitude neste sentido dirixida á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, xunto coa copia de renuncia ao outro posto de traballo, no prazo de dez días hábiles, contados a partir da publicación no Diario Oficial de Galicia da lista de persoas aspirantes seleccionadas. De non realizar esta opción, a aceptación do primeiro nomeamento como persoal funcionario en prácticas entenderase como renuncia tácita aos restantes.

18.7. Publicación da lista de persoas aprobadas.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicará no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/oposicions> as listas únicas de persoas aprobadas por especialidade, segundo se detalla nos puntos anteriores, e tendo en conta que figurarán en primeiro lugar as persoas aprobadas pola quenda do subgrupo A2 ao subgrupo A1, e que as persoas aprobadas pola reserva de persoas con discapacidade incluíranse, de acordo coa súa puntuación, entre as persoas aprobadas polo sistema de acceso ou de ingreso, segundo corresponda.

A renuncia aos dereitos derivados do procedemento selectivo con anterioridade ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas dará lugar a que se declare aprobada a persoa que, se é o caso, lle corresponda conforme os criterios establecidos nesta base.

18.8. Publicación das cualificacións do restante persoal aspirante.

Ao rematar o procedemento selectivo, os tribunais publicarán na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/oposicions> as puntuacións obtidas polo persoal aspirante que non está incluído na relación de persoas aprobadas.

Base décimo novena. *Presentación de documentos*

19.1. No prazo de 20 días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que se fagan públicas as listas de persoas aprobadas no *Diario Oficial de Galicia*, o persoal aspirante aprobado deberá presentar por medios electrónicos e dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade os seguintes documentos:

a) Certificado médico acreditativo de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado ou afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio da docencia.

A persoa aspirante que fixese valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá, se non o fixo anteriormente, presentar certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social que acredite tal condición, e tamén terá que presentar certificado dos citados órganos ou da Administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

b) Declaración responsable de que non foron separados ou separadas mediante expediente disciplinario, do servizo do corpo ao que se pretende ingresar en ningunha Administración pública e de non estar inhabilitados ou inhabilitadas para o exercicio de funcións públicas, conforme o modelo que figura como anexo IX a esta convocatoria que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Igualmente, o persoal aspirante que non posúa a nacionalidade española deberá presentar declaración responsable de non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública, segundo o mesmo modelo do anexo IX que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

c) Certificado de non ter antecedentes por delitos sexuais, só no caso de denegar expresamente a consulta de datos do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

19.2. Excepcións.

Quen teña a condición de persoal funcionario de carreira e estea en situación de servizo activo estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento, e deberán presentar, en tal caso, unha certificación ou folla de servizos do organismo de que dependan, na cal se consignen de forma expresa os seguintes datos: corpo a que pertencen, número de rexistro persoal e se están en servizo activo.

Cando as certificacións ou follas de servizos se refiran a persoal funcionario que superou o proceso selectivo polos procedementos de acceso a corpos docentes clasificados noutro corpo docente de grupo superior, serán expedidas pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e incorporadas de oficio ao correspondente expediente.

19.3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados nas bases anteriores, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

19.4. Quen, dentro do prazo fixado e salvo os casos de forza maior, non presente a documentación ou se do exame dela se deduce que carece dalgún dos requisitos xerais establecidos na base segunda, non poderá ser nomeado persoal funcionario de carreira, e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

Base vixésima. Nomeamento de persoal funcionario en prácticas

20.1. Destino provisional e nomeamento de persoal funcionario en prácticas.

As persoas aspirantes que superen o procedemento selectivo pola quenda libre ou reserva de persoas con discapacidade quedan obrigadas a incorporarse aos destinos que a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos lles adxudique para a realización da fase de prácticas. No caso de non se incorporaren aos citados destinos no prazo que se estableza, entenderase que renuncian ao proceso selectivo.

Se se incorporan e reúnen as condicións requiridas para o ingreso no corpo respectivo, será nomeado persoal funcionario en prácticas.

A toma de posesión como persoal funcionario en prácticas terá efectividade da data que se determine na resolución pola que se publique a adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2022-2023.

Coa finalidade da adxudicación de destino de carácter provisorio para a realización do período de prácticas, o persoal aspirante que supere o procedemento selectivo deberá efectuar a solicitude, conforme o sistema previamente publicado no Diario Oficial de Galicia por resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo de dous días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da lista de persoas aprobadas polos tribunais cualificadores no centro onde se realizaron as probas e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

20.2. Destino definitivo.

O persoal aspirante que supere o procedemento selectivo polo sistema de ingreso deberá obter o seu primeiro destino definitivo nun dos centros directamente xestionado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e está obrigado, para estes efectos, a participar nos sucesivos concursos ordinarios de traslados que se convoquen, na forma que determinen as correspondentes convocatorias.

20.3 O persoal aspirante que supere o procedemento selectivo de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de artes plásticas e deseño desde corpos do subgrupo A2 regulados na presente orde, estará exento da realización da fase de prácticas e nos supostos nos que a adxudicación de destinos se realice atendendo á puntuación obtida nos procedementos selectivos, terán prioridade, na obtención destes, sobre o persoal aspirante que ingresen pola quenda libre da convocatoria do mesmo ano.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o persoal aspirante seleccionado no procedemento selectivo de acceso aos corpos do subgrupo A1 desde corpos do subgrupo A2 que estea ocupando con carácter definitivo, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, prazas do corpo e especialidade ás que accede, poderá optar por permanecer nestas.

O persoal aspirante que, aínda estando exento da realización da fase de prácticas, optase por incorporarse como funcionario ou funcionaria en prácticas ao destino asignado, quedará eximido da avaliación destas, permanecendo nesta situación ata a aprobación dos expedientes dos procedementos selectivos e o seu posterior nomeamento como funcionario ou funcionaria de carreira.

20.4. Réxime xurídico-administrativo do persoal aspirante nomeado funcionario ou funcionaria en prácticas.

Desde o nomeamento de persoal funcionario en prácticas ata o nomeamento como persoal funcionario de carreira, o réxime xurídico-administrativo das persoas opositoras será o de persoal funcionario en prácticas, sempre que estea desempeñando un posto docente. En todo caso, a súa incorporación á realización das prácticas producirase con ocasión de vacante.

20.5. Aprazamento da fase de prácticas.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá, por causa xustificada e por petición da persoa interesada, conceder o aprazamento da fase de prácticas.

20.6. Exencións á realización da fase de prácticas.

Estarán exentos da avaliación da fase de prácticas aquelas persoas aspirantes que acrediten unha experiencia dun ano como persoal funcionario de carreira dun corpo docente.

20.7. Opción da remuneración do persoal funcionario en prácticas.

O persoal aspirante que superou a fase de oposición do proceso selectivo e que xa estea prestando servizos remunerados na Administración como persoal funcionario de carreira, persoal interino, persoal contratado administrativo ou como persoal laboral, sen prexuízo da situación administrativa ou laboral que, de acordo coa normativa vixente lles corresponda, poderán formular

opción pola percepción das remuneracións durante a súa condición de persoal funcionario en prácticas, de conformidade co previsto no artigo 141 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. A falta de opción expresa, enténdese que se opta pola retribución de persoal funcionario en prácticas.

Base vixésima primeira. Fase de prácticas no corpo de inspectores de educación.

21.1. Obxecto e duración da fase de prácticas.

As prácticas terán por obxecto garantir que o persoal aspirante que superou a fase de concurso-oposición posúa a adecuada preparación para levar a cabo as funcións atribuídas ao corpo de inspectores de Educación. Serán tuteladas por un funcionario ou funcionaria de carreira do corpo de inspectores de Educación.

Realizaranse nos destinos provisionais que lles correspondan co desempeño da función inspectora con plena validez.

A súa duración será de catro meses.

21.2. Constitución das comisións cualificadoras.

En cada xefatura territorial constituirase unha comisión cualificadora da fase de prácticas integrada pola xefatura de inspección, que exercerá a presidencia, e dous funcionarios ou funcionarias de carreira do corpo de inspectores de Educación.

21.3. Funcións do titor ou titora.

As funcións do inspector ou inspectora titora consistirán en asesorar, informar e avaliar, tal como se indica na epígrafe seguinte, ao persoal en prácticas, sobre as funcións propias das inspectoras e inspectores de Educación. Ao final do período de prácticas, o titor ou titora emitirá un informe sobre todos os datos que considere de interese e o remitirá á comisión cualificadora.

21.4. Actividades de inserción e formación.

As actividades de inserción no posto de traballo consistirán no desenvolvemento de actividades tuteladas polo inspector ou inspectora titora en relación ao plan de actuación da Inspección educativa.

As actividades de formación serán programadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ben como actividades específicas para o persoal aspirante, ben dentro da oferta xeral de formación. Versarán sobre as competencias propias da Inspección educativa. A súa duración non será inferior a sesenta horas. Sobre o desenvolvemento destas actividades emitirán informe as persoas responsables da actividade, se se trata dunha oferta específica, ou mediante o certificado correspondente se se trata de actividades incluídas na oferta xeral.

21.5. Memoria final.

O persoal aspirante elaborará un informe-memoria final no que fará unha valoración global da súa actividade, así como das dificultades encontradas e dos apoios recibidos. Este informe entregárase ao final da fase de prácticas á comisión cualificadora.

21.6. Avaliación das inspectoras e dos inspectores en prácticas.

A avaliación do persoal aspirante efectuarase pola comisión cualificadora a partir dos informes emitidos pola inspectora ou inspector titor, do persoal responsable das actividades de formación e do informe-memoria presentado pola persoa aspirante.

A comisión cualificadora trasladará á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a relación de persoas en prácticas coa cualificación obtida.

As prácticas cualifícaranse como apto ou non apto.

O persoal aspirante cualificado de non apto na fase de prácticas poderá repetir esta fase por unha soa vez no curso académico seguinte. O que non se incorpore ou sexa declarado non apto por segunda vez perderá todos os dereitos ao seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Base vixésimo segunda. *Fase de prácticas dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres.*

22.1. Obxecto e duración da fase de prácticas.

A fase de prácticas forma parte do procedemento selectivo e ten por obxecto a comprobación de que o persoal aspirante posúe as capacidades didácticas necesarias para o exercicio da docencia. Realízanse nos destinos provisionais que lles correspondan, conforme o procedemento que estableza a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, ben en postos vacantes, ben en substitucións, con desempeño de función docente con plena validez académica.

A duración da fase de prácticas será de catro meses. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá flexibilizar este período por causas xustificadas e a flexibilización poderá afectar tanto á duración como á temporalización.

22.2. Constitución das comisións cualificadoras.

En cada departamento territorial constitúirse unha comisión cualificadora integrada pola xefatura da inspección provincial, que exercerá a súa presidencia; dous/dúas inspectores/as de educación e dous/dúas directores/as de centros, designados/as pola xefa ou xefe territorial.

22.3. Profesor ou profesora titora da fase de prácticas.

O exercicio da docencia durante a fase de prácticas desenvolverase baixo a titoría dunha persoa funcionaria de carreira do mesmo corpo, experimentada e preferentemente da especialidade correspondente, designada pola comisión cualificadora da provincia.

22.4. Funcións do titor ou titora.

As funcións do/da profesor/a titor/a consistirán en asesorar, informar e avaliar o persoal funcionario en prácticas sobre a organización e funcionamento do centro e dos seus órganos de goberno, de participación e de coordinación didáctica, sobre a programación didáctica da materia ou dos módulos profesionais, a programación de aula e a avaliación do alumnado. Ao final do período de prácticas, o/a profesor/a titor/a emitirá un informe sobre todos os datos que considere de interese e remitirao á comisión cualificadora.

O profesorado que tutele as prácticas do persoal aspirante seleccionado nos concursos-oposición de ingreso aos corpos docentes terán un recoñecemento de 50 horas de formación pola función desenvolvida.

22.5. Actividades de formación.

Formando parte da fase de prácticas, o persoal aspirante seleccionado pola quenda de ingreso libre e reserva de persoas con discapacidade deberán realizar :

- Un curso de formación de lingua galega de 20 horas de duración. Este curso, que será programado polo Servizo de Formación do Profesorado, consistirá nunha formación específica sobre a terminoloxía, os estilos, os aspectos sociolingüísticos e a linguaxe propia da especialidade que lles permita ao persoal funcionario en prácticas desenvolver correctamente en galego as súas funcións e tarefas.

- Un curso de formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero para a obtención do nivel básico de coñecemento regulado no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

22.6. Avaliación do profesorado en prácticas.

As persoas aspirantes elaborarán un informe-memoria final no cal farán unha valoración global da súa actividade, así como das dificultades encontradas e dos apoios recibidos. Este informe seralle entregado ao remate da fase de prácticas á comisión cualificadora.

A avaliación do persoal aspirante será efectuada pola comisión cualificadora a partir dos informes emitidos polo/a profesor/a titor/a, a dirección do centro, o persoal responsable das actividades de

formación e, se é o caso, o inspector ou a inspectora responsable do centro e do informe presentado pola propia persoa aspirante.

A presidencia da comisión cualificadora, en caso de informes desfavorables, disporá que o inspector ou inspectora de educación do centro en que presta servizos o funcionario ou a funcionaria que está realizando as prácticas, visite o dito centro e avalíe na aula as súas aptitudes didácticas como docente. O informe da inspección engadirase aos do/da director/a e profesor/a titor/a para que, xunto co informe-memoria final realizado polo funcionario ou a funcionaria en prácticas, sirvan para a avaliación que debe facer a comisión cualificadora.

22.7. A comisión cualificadora trasladaralle á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a relación de persoal funcionario en prácticas coa cualificación obtida.

22.8. Cualificación da fase de prácticas.

As prácticas cualificaranse como apto/a ou non apto/a.

22.9. Persoas aspirantes non aptas na fase de prácticas.

As persoas aspirantes cualificadas de non aptas na fase de prácticas poderán repetila, incorporándose no curso seguinte co persoal seleccionado da seguinte promoción, ocupando, nesta promoción, o número de orde seguinte ao da última persoa seleccionada na súa especialidade. No caso de que non houberse convocatoria do seu corpo e especialidade, efectuará igualmente as prácticas no curso seguinte. As persoas que non se incorporen ou sexan declaradas non aptas por segunda vez, perderán todos os dereitos ao seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Base vixésimo terceira. *Nomeamento de persoal funcionario de carreira*

23.1. Proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Rematada a fase de prácticas e verificado que as persoas que a superaron reúnen os requisitos xerais e específicos de participación establecidos nesta convocatoria, a Consellería Cultura, Educación e Universidade aprobará o expediente do proceso selectivo e remitirá as listas do persoal ingresado no correspondente corpo ao Ministerio de Educación e Formación Profesional, para o nomeamento e expedición dos títulos de persoal funcionario de carreira, con efectividade do 1 de setembro de 2023.

23.2. Destino definitivo en Galicia.

De acordo co previsto no artigo 10 d) do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, o persoal que ingrese en virtude desta convocatoria deberá obter o seu primeiro destino definitivo en centros xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da súa participación forzosa nos procedementos de provisión que se convoquen.

Título II

Procedemento de adquisición doutras especialidades

Base vixésimo cuarta.

Convócase procedemento para que o persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres poidan adquirir unha nova especialidade, de conformidade co establecido nas seguintes bases:

24.1. Normas xerais.

As especialidades que poderán adquirirse nos corpos citados anteriormente mediante o procedemento regulado neste título serán as mesmas que as convocadas para o procedemento de ingreso libre.

A estes procedementos seranlles de aplicación as disposicións establecidas na epígrafe 1.2 desta orde, así como as restantes bases do título I que non se opoñan ao disposto neste título.

24.2. Requisitos das persoas candidatas.

Para poderen participar neste procedemento, as persoas candidatas deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser persoal funcionario de carreira do corpo correspondente, con destino no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

b) Reunir os requisitos que se exigen para o ingreso libre na especialidade que se pretenda adquirir.

24.3. Solicitudes e pagamento dos dereitos.

As solicitudes e pagamento dos dereitos formularanse conforme o establecido na base terceira desta convocatoria.

24.4. Órganos de selección.

Os órganos de selección para este procedemento serán aqueles a que se refire a base sétima desta convocatoria e exercerán respecto deste procedemento as mesmas funcións que se enumeran na mencionada base.

24.5. Comezo e desenvolvemento das probas.

O comezo e desenvolvemento das probas realizarase de conformidade co disposto na base décima desta convocatoria.

24.6. Sistema de selección.

Para todas as especialidades:

A proba consistirá na exposición oral dun tema da especialidade a que se opta, elixido pola persoa aspirante de entre cinco extraídos ao chou polo tribunal, nas especialidades dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e de entre tres extraídos ao chou polo tribunal, nas especialidades do corpo de mestres.

A persoa candidata disporá de dúas horas para a súa preparación, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia utilizar non poderá ser susceptible da dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.). A exposición terá unha duración máxima dunha hora.

- Nas especialidades de idiomas modernos a exposición realizarase nesta lingua.

- Nas especialidades específicas de formación profesional, agás Formación e Orientación Laboral, e do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, a proba constará ademais dunha parte práctica. As características da parte práctica serán as establecidas no anexo VI da presente convocatoria e levarase a cabo o mesmo día e a mesma hora que o persoal aspirante que se presente polo sistema de ingreso. A valoración da parte práctica da proba será conxunta coa outra parte da proba, a exposición oral. **No caso das especialidades propias das Ensinanzas Artísticas que atenden exclusivamente as ensinanzas artísticas superiores, neste exercicio práctico, deberase acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das Ensinanzas Artísticas.**

24.7. Cualificación da proba.

Os tribunais cualificarán a proba a que se refire o punto anterior de apto/a ou non apto/a e obterán a nova especialidade unicamente os cualificados con apto/a.

24.8. Publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez verificado polo órgano convocante que a persoa aspirante que obtivo a cualificación de apto/a reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicará no *Diario Oficial de Galicia* a orde pola que se declara apto ao persoal aspirante, coa indicación da nova especialidade adquirida.

24.9. Exención da fase de prácticas.

O persoal que adquira unha nova especialidade por este procedemento estará exento da fase de prácticas.

24.10. Dereito preferente.

A adquisición dunha nova especialidade non supón a perda da anterior ou anteriores que se puidesen posuír. Quen teña adquirida máis dunha especialidade poderá acceder a prazas correspondentes a calquera delas a través dos mecanismos establecidos para a provisión de postos de traballo do persoal funcionario docente.

Quen adquira unha nova especialidade por este procedemento nos corpos de profesores de ensinanza secundaria terá preferencia, por unha soa vez, con ocasión de vacante, para seren adscritos ou adscritas a prazas da nova especialidade adquirida no centro en que tivesen destino definitivo, de conformidade co establecido no artigo 16.1.d) do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal.

Base vixésimo quinta. *Inclusión nas listas de interinidades e substitucións*

Accederán ás listas de interinidades e substitucións da especialidade á que se presenten, ademais daquelas persoas aspirantes que superen a primeira proba, as persoas aspirantes que para cada especialidade posúan unha das titulacións que se relacionan na Orde do 20 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería (Diario Oficial de Galicia núm. 235 do 11 de decembro de 2019)

Nas especialidades propias dos corpos de profesores de artes plásticas e deseño as titulacións que dan acceso a lista de interinidades e substitucións son as que a continuación se relacionan:

Corpo de profesores de artes plásticas e deseño

Especialidade	Titulacións

Disposición final primeira. *Recursos.*

De conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 10, 14 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso- administrativa, a presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrida potestativamente en reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou poderá formularse directamente recurso contencioso- administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,de.....de 2022

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

INSÍRASE NO DOG

ANEXO II

Baremo para a valoración de méritos: sistema xeral de acceso á inspección educativa

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
I. Traxectoria profesional.	Ata 3 puntos	
1.1.1. Por cada ano de experiencia docente, que supere os seis esixidos como requisito, como persoal funcionario de carreira dos corpos que integran a función pública docente.	0,500 puntos	Folla de servizos certificada pola xefatura territorial correspondente.
1.1.2. Por cada ano de servizos en postos da administración educativa de nivel 26 ou superior.	0,500 puntos	Copia do nomeamento e, se é o caso, do cesamento
1.2. Por pertencer aos corpos de catedráticos.	2,000 puntos	Copia do Título administrativo ou credencial, ou, se é o caso, copia simple do Boletín Oficial no que apareza o nomeamento.
Por este apartado só se valorarán como máximo cinco anos posteriores aos seis anos de exercicio profesional esixidos pola convocatoria.		
II.- Exercicio como inspector accidental	Ata 3 puntos	
Por cada ano de servizos en postos de inspector ou inspectora accidental, sempre que se accedera ao posto mediante concurso público de méritos	0,750 puntos	Copia do nomeamento acompañado da toma de posesión e, se é o caso cese, ou folla de servizos expedida pola xefatura territorial correspondente
III.- Exercicio de cargos directivos e de coordinación didáctica	Ata 3 puntos	
3.1. Por cada ano como director ou directora dun centro público, con avaliación positiva, cando se realizara, ou como director ou directora dun centro de formación e recursos.	0,750 puntos	Copia do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso, do cesamento.
3.2. Por cada ano de exercicio da vicedirección, xefatura de estudos, secretaría, administrador ou administradora, profesor ou profesora delegada nas seccións de formación profesional ou outros análogos	0,500 puntos	Copia do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso, do cesamento.
3.3. Por cada ano como xefe/a de departamento, coordinador/a de ciclo na educación primaria, xefe/a de división, xefe/a de departamento de normalización e dinamización lingüística, coordinador/a de área. Asesor/a de formación permanente ou figuras análogas, así como director/a de agrupacións de lingua e cultura españolas	0,100 puntos	Copia do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso, do cesamento.
IV. Preparación científica e didáctica e outros méritos	Ata 2 puntos	
4.1. Preparación científica e didáctica	Ata 0,700 puntos	
4.1.1. Por cada titulación superior distinta á esixida para acceder ao corpo	0,150 puntos	Copia do título.
4.1.2. Por publicacións de carácter científico ou didáctico	Ata 0,500 puntos	Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN, en virtude do disposto polo Decreto 2984/72, do 2 de novembro, ou se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas en que o editor/a sexa o autor/a delas. No caso de libros os exemplares correspondentes, así como certificado da editorial onde conste o número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais. Para a valoración de libros editados polas universidades, organismos ou entidades públicas, será necesario achegar certificación na que conste a distribución destes. No caso de revistas, certificación na que

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
		<p>conte o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista.</p> <p>Nos supostos en que a editorial ou asociación desapareceran, o dito extremo terá que xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>No caso de publicación que só se dea en formato electrónico, presentarase un informe oficial no que o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.</p>
4.2.- Preparación específica para o exercicio da función inspectora. 0,01 punto por cada 10 horas de formación	Ata 0,500 puntos	Copia das actividades de formación convocadas por administracións educativas ou homologadas especificamente relacionadas coa función inspectora.
4.3. Coñecementos de idiomas	Ata 0,300 puntos	
4.3.1. Por cada titulación universitaria superior de idiomas	0,200 puntos	Copias dos títulos que se posúen ou, se é o caso, os certificados de estudos e de ter pagado os dereitos de expedición dos títulos
4.3.2.- Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de Escolas Oficiais de Idiomas ou polo curso de especialización de galego	0,100 puntos	Copias dos títulos que se posúen ou, se é o caso, os certificados de estudos e de ter abonado os dereitos de expedición dos títulos

ANEXO III

Baremo para a valoración de méritos: sistema xeral de ingreso

I. Experiencia docente previa: Máximo 5 puntos.		
1.1. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo ao que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	1,000 puntos	Folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos, ou no seu defecto certificación do secretario ou secretaria do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou copia deles na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.
1.2. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos aos que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes de administracións educativas.	0,500 puntos	Folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos, ou no seu defecto certificación do secretario ou secretaria do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento e a especialidade así como os documentos xustificativos do nomeamento ou copia deles, na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.
1.3. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo ao que opta a persoa aspirante, noutros centros.	0,500 puntos	Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na que conste a data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel educativo ou etapa educativa ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral.

<p>1.4. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo ao que opta a persoa aspirante, noutros centros.</p>	<p>0,250 puntos</p>	<p>Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na que conste data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel ou etapa educativa ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral.</p>
<p>Enténdese por centros públicos os centros aos que se refire o Capítulo II do Título IV da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas Administracións educativas.</p> <p>Para os efectos deste apartado terase en conta un máximo de cinco anos, cada un dos cales deberá ser avaliado nun solo das subepígrafes anteriores.</p> <p>Non será necesario xustificar os méritos das epígrafes 1.1 e 1.2 cando os servizos fosen prestados en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.</p>		
<p>II. Formación académica: Máximo 5 puntos.</p>		
<p>2.1. Expediente académico no título alegado, sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación esixido con carácter xeral para ingreso no corpo (Doutoramento, Licenciatura, Enxeñería ou Arquitectura, para corpos docentes do subgrupo A1, ou Diplomatura Universitaria, Enxeñería Técnica ou Arquitectura Técnica para corpos docentes do subgrupo A2); valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico, do modo que a continuación se indica:</p>		
<p>Escala de 0 a 10 puntos: Desde 6,00 ata 7,50 Desde 7,51 ata 10</p>	<p>1,000 puntos 1,500 puntos</p>	<p>Certificación académica persoal orixinal ou copia, na que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos esixidos para a obtención do título alegado, con indicación expresa da nota media.</p>
<p>Escala en créditos, de 1 a 4 Desde 1,50 a 2,25 Desde 2,26 a 4</p>	<p>1,000 puntos 1,500 puntos</p>	
<p>2.2. Postgraos, Doutoramento e premios extraordinarios:</p>		
<p>2.2.1. Polo Certificado-Diploma acreditativo de estudos avanzados ou Título Oficial de Máster (Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, BOE do 30), Suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente sempre que non sexan requisito para o ingreso na función pública docente:</p>	<p>1,000 puntos</p>	<p>Certificación académica ou copia do título ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).</p>
<p>2.2.2. Por posuír o título de Doutoramento:</p>	<p>1,000 puntos</p>	<p>Certificación académica ou copia do título de doutoramento ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).</p>
<p>2.2.3. Por obter premio extraordinario no doutoramento:</p>	<p>0,500 puntos</p>	<p>Documento xustificativo</p>
<p>2.3. Outras titulacións universitarias: As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o ingreso na función pública docente, valoraranse da forma seguinte:</p>		
<p>2.3.1. Titulacións de primeiro ciclo: Por cada Diplomatura, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha Licenciatura,</p>	<p>1,000 puntos</p>	<p>Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.</p>

Arquitectura ou Enxeñaría:		
<p>No caso de persoas aspirantes a corpos de persoal funcionario docente Grupo A2, non se valorarán por esta subepígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que presente a persoa aspirante.</p> <p>No caso de persoas aspirantes a corpos de persoal funcionario docente Grupo A1, non se valorarán por esta subepígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que foran necesarios superar para a obtención do primeiro título de Licenciatura, Enxeñaría ou Arquitectura que presente a persoa aspirante.</p>		
<p>2.3.2. Titulacións de segundo ciclo: Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de Licenciaturas, Enxeñarías, Arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes:</p>	1,000 puntos	<p>Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao segundo ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.</p>
<p>No caso de persoas aspirantes a corpos de persoal funcionario docente Grupo A1, non se valorarán por esta subepígrafe, en ningún caso, os estudos que foran necesarios superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, no seu caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de Licenciatura, Enxeñaría ou Arquitectura que presente a persoa aspirante.</p> <p>Valorarase neste apartado posuír o título de Grao.</p>		
2.4. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional específica:		
a) Por cada título Profesional de Música ou Danza:	0,500 puntos	<p>Certificación académica ou copia do título alegado para ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).</p>
b) Por cada Certificado de nivel avanzado ou equivalente de Escolas Oficiais de Idiomas:	0,500 puntos	
c) Por cada Título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño:	0,200 puntos	
d) Por cada Título de Técnico Superior de Formación Profesional	0,200 puntos	
e) Por cada Título de Técnico Deportivo Superior:	0,200 puntos	
III. Outros méritos: Máximo 2 puntos.		
3.1. Dominio de linguas estranxeiras.		
<p>3.1.1 Nivel C2 Por cada certificado oficial de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acrediten un nivel de coñecemento de idiomas, expedidos por centros oficiais, segundo a clasificación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)</p>	1,200 puntos	<p>Copia do título correspondente co certificado de acreditación dunha lingua estranxeira clasificado polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)</p>
<p>3.1.2. Nivel C1 Por cada certificado oficial de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acrediten un nivel de coñecemento de idiomas, expedidos por centros oficiais, segundo a clasificación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)</p>	1,000 puntos	
<p>3.1.3. Por cada título estranxeiro do nivel equivalente ao nivel B2, sempre que non se acreditara o título equivalente da Escola Oficial de Idiomas do apartado 2.4.b) no mesmo idioma.</p>	0,500 puntos por cada título	

<p>3.2. Por actividades de formación superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo polo que se presente, ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou os órganos correspondentes doutras comunidades autónomas ou o Ministerio de Educación e Formación Profesional por institución sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades.</p> <p>Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades estean expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>		<p>Copia do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar dun xeito fidedigno o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa</p>
<p>3.3. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas na subepígrafe 3.2.</p> <p>Puntuarase con 0,1 puntos por cada 5 horas. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto de horas inferiores a 5. Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>		
<p>3.4.Exclusivamente para o corpo de profesores de artes plásticas e deseño</p>		
<p>3.4.1. Por premios en certames, exposicións, festivais ou concursos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Primer premio de ámbito internacional - Primer premio de ámbito nacional - Primer premio de ámbito autonómico 	<p>0,250 puntos 0,200 puntos 0,150 puntos</p>	<p>Certificación da entidade que emite o premio, na que conste os nomes das persoas premiadas, o ámbito e a categoría do premio</p>

Disposicións complementarias

Primeira. Unicamente serán baremados aqueles méritos perfeccionados e xustificados ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segunda. Baremación do apartado 1 (Experiencia docente previa).

1. Para os efectos deste apartado teranse en conta os cinco anos de límite que lle resulten máis favorables para cada persoa participante.

2. A valoración da experiencia docente non se verá reducida aínda cando os servizos se prestaran nunha xornada de traballo inferior á completa.

3. Os servizos prestados nun centro docente público non dependente dunha Administración educativa baremaranse nas epígrafes 1.3 ou 1.4, segundo corresponda en función do nivel ou etapa educativa impartida.

4. Considerarase que educación infantil e educación primaria son a mesma etapa educativa.

5. Para os efectos deste non se poderán acumular as puntuacións cando os servizos fosen prestados simultaneamente en máis dun centro docente.

6. Os servizos prestados como persoal laboral docente de Relixión baremaranse na epígrafe 1.1 ou 1.2 se se impartiron en centros públicos dependentes das administracións educativas, e na 1.3 ou 1.4 se se impartiron noutros centros.

7. Os servizos prestados como mestre en escolas infantís, no primeiro ciclo de educación infantil, baremaranse na epígrafe 1.3 ou 1.4 a partir do curso académico 2008-2009.

8. Os servizos prestados no estranxeiro acreditaranse mediante certificacións expedidas polos Ministerios de Educación dos respectivos países ou autoridades públicas competentes, nas que deberán constar o tempo de prestación de servizos, con data de inicio e de fin do nomeamento, e o carácter de centro público ou privado, o nivel educativo e a materia impartida. Cando non se acredite o nivel educativo ou este non coincida co da convocatoria entenderanse como servizos prestados en diferente nivel educativo. Os ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán ou galego.

9. Nas seguintes epígrafes, por cada mes súmanse as seguintes puntuacións:

- na epígrafe 1.1: 0,084 puntos;

- na epígrafe 1.2: 0,042 puntos;

- na epígrafe 1.3: 0,042 puntos;

- na epígrafe 1.4: 0,021 puntos.

10. A experiencia docente na universidade baremarase pola epígrafe 1.4.

11. A experiencia docente previa como profesor do Programa de profesores visitantes do Ministerio de Educación e Formación Profesional computarase como servizos docentes, sempre

que se acredite mediante certificación do órgano competente na que conste o tipo de centro, a especialidade, o nivel educativo e a duración exacta dos servizos prestados, con data de inicio e de fin do nomeamento.

12. Non se valorará a experiencia como:

- Monitor/a
- Bolseiro/a
- Educador/a
- Profesor/a invitado/a
- Auxiliar de conversa
- Lector/a
- Nin outras actividades similares realizadas nos centros

Terceira. Baremación do apartado 2 (Formación académica).

1. A nota media da certificación académica persoal deberá estar calculada conforme ao disposto no Real decreto 1125/2003 do 5 de setembro (BOE núm. 224, do 18 de setembro). No caso de que non se remita a certificación académica persoal na que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos esixidos para a obtención do título alegado, con indicación expresa da nota media e, no seu defecto, se presente copia do título ou da certificación do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE núm. 190, do 6 de agosto), considerarase que a persoa aspirante obtivo a nota media de aprobado.

Para os efectos de valoración do expediente académico do título alegado, o persoal aspirante que obteña o título no estranxeiro presentará certificación expedida pola Administración educativa do país en que obtivo o título que indique a nota media deducida das cualificacións obtidas en toda a carreira e exprese, ademais, a cualificación máxima e mínima que se poden obter, de acordo co sistema académico correspondente, para os efectos de determinar a súa equivalencia coas cualificacións españolas, e a declaración de equivalencia da nota media obtida na web da ANECA, asinada pola persoa interesada.

2. Nas subepígrafes 2.2.1 e 2.2.2 non se pode obter máis de 1 punto. Unicamente se baremará un máster oficial e un título de doutoramento.

3. Para poder obter puntuación por outras titulacións universitarias de carácter oficial, deberá presentarse copia de cantos títulos se posúan, incluído o alegado para ingreso no corpo.

4. Na epígrafe 2.3 unicamente se valorarán as titulacións universitarias de carácter oficial que non fosen alegadas como requisito para o ingreso no corpo.

5. Non se valorarán na epígrafe 2.3 os títulos universitarios non oficiais (títulos propios) que se expidan conforme a disposición adicional décimo primeira do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e que sexan expedidos polas universidades no uso da súa autonomía.

6. Na subepígrafe 2.3.1 outorgarase 1 punto por cada Diplomatura, Enxeñaría Técnica, Arquitectura Técnica ou títulos declarados equivalentes e polos estudos do primeiro ciclo dunha Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñaría, que non fosen alegados como requisito para ingreso no corpo.

7. Na subepígrafe 2.3.2 outorgarase 1 punto por cada un dos estudos correspondente ao segundo ciclo de Licenciaturas, Enxeñarías, Arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes, que non fosen alegados como requisito para ingreso no corpo.

8. Valoraranse na subepígrafe 2.3.2 os seguintes títulos sempre que non foran presentados como requisito de ingreso ao corpo:

- Os títulos superiores de Música, Danza e Arte Dramático
- Os títulos superiores das Ensinanzas Artísticas equivalentes a grao.
- Os títulos de grao.

9. Na epígrafe 2.4.b) unicamente se baremarán as certificacións das escolas oficiais de idiomas equivalentes ao B2, é decir, o certificado de aptitude, o nivel avanzado (B2) e o nivel intermedio (B2).

10. A baremación na epígrafe 2.4.b) é compatible coa baremación nas subepígrafes 3.1.1 e 3.1.2. Así mesmo, unha certificación de nivel B2 dunha mesma lingua estranxeira non poderá valorarse pola epígrafe 2.4.b) e pola subepígrafe 3.1.3.

11. O certificado de nivel avanzado C2 da escola oficial de idiomas correspondente ao plan de estudos do Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, valorarase na subepígrafe 3.1.1.

12. O certificado de nivel avanzado C1 da escola oficial de idiomas correspondente ao plan de estudos do Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, valorarase na subepígrafe 3.1.2.

13. As mencións correspondentes a un mesmo título non se valorarán como un novo título de Grao.

14. Non se considerarán como títulos distintos as diferentes especialidades asentadas nunha mesma titulación.

Cuarta. Outros méritos.

1. En ningún caso serán valorados aqueles cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.

2. Non se valorarán os cursos cuxa finalidade sexa a obtención dos títulos ou certificacións que habilitan para a adquisición da formación pedagóxica e didáctica, necesaria para o exercicio da docencia, á que se refire o artigo 100.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. Non se valorará para o ingreso en ningún dos corpos o curso de aptitude pedagóxica ou o máster que habilita para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.

4. Para os efectos da epígrafe 3.2:

a) Consideranse actividades de formación as seguintes:

- Cursos
- Seminarios permanentes
- Grupos de traballo
- Proxectos de formación
- Congresos
- Xornadas
- Mesas redondas
- Piale
- Encontros
- Obradoiros
- Títulos propios das universidades

b) Non son actividades de formación puntuables por esta epígrafe, entre outras, as seguintes actividades

- Proxectos de investigación
- Actividades de innovación educativa

- Participación en programas europeos: Erasmus, Sócrates, Leonardo da Vinci, Interreg, visitas Cedefop, etc.
- Titulacións universitarias
- Titorías en prácticas
- Titoría do master en profesorado
- Certificacións de acreditación de competencia lingüística nunha lingua estranxeira

5. De conformidade co artigo sexto da Orde do 11 de novembro de 1998, as equivalencias entre distintos cursos e probas de lingua galega terán a mesma consideración legal que os cursos presenciais de iniciación e de perfeccionamento.

6. Nas certificacións dos cursos organizados polas universidades deberán figurar a sinatura da súa reitoría ou vicerreitoría competente ou persoa en quen delegue. Non son válidas as certificacións asinadas polos Departamentos ou polas persoas relatores destes.

7. Teranse en conta as horas que figuren nas certificacións ou diplomas das actividades de formación. No caso de que figuren horas e créditos, prevalecerán as horas sobre os créditos.

8. A valoración establecida nas subepígrafes 3.1.1, 3.1.2 e 3.1.3 soamente procederá pola certificación de nivel superior no suposto de que o persoal aspirante presente diferentes acreditacións de nivel dunha mesma lingua estranxeira. Para o suposto de que o persoal aspirante presente para unha mesma lingua estranxeira dúas o mais acreditacións do mesmo nivel de competencia lingüística, soamente procederá valoración por unha delas.

9. Nas subepígrafes 3.1.1 e 3.1.2 valoraranse tamén as certificacións expedidas polas escolas oficiais de idiomas.

Quinta. As persoas aspirantes non poderán ter máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.

ANEXO IV

Baremo para a valoración de méritos para o acceso aos corpos do subgrupo A1 desde corpos do subgrupo A2

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
I. Traballo desenvolvido: máximo 5.5 puntos.		
1.1. Por cada ano como persoal funcionario do corpo desde o que se aspira ao acceso que exceda dos seis esixidos como requisito, cando sexa o caso	0,500 puntos	Folla de servizos certificada pola xefatura provincial.
* Por esta epígrafe (1.1) non poderán obter		

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
máis de 4,000 puntos.		
1.2. Desenvolvemento de funcións específicas:		
a) Por cada ano de exercicio na función inspectora.	0,300 puntos	Copia do nomeamento, con expresión da duración real do cargo.
b) Por cada ano de exercicio da dirección dun centro público.	0,300 puntos	
c) Por cada ano de exercicio dunha vicedirección, xefatura de estudos, secretaría, administración ou como profesor/a delegado/a nas seccións de formación profesional e outros cargos directivos.	0,200 puntos	
d) Por cada ano de servizos como cargo directivo na Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Ministerio de Educación e Formación Profesional ou departamentos de Educación das restantes comunidades autónomas, con competencias en materia educativa, con categoría de xefatura de servizo ou nivel equivalente ou superior.	0,300 puntos	
e) Por cada ano de titor ou titora.	0,200 puntos	Certificación da dirección do centro.
f) Por cada ano de exercicio dunha coordinación pedagóxica, coordinación de ciclo/departamento, xefatura de departamento, xefatura de división, xefatura de departamento de normalización.	0,200 puntos	Certificación da dirección do centro co visto e prace da Inspección Educativa.
* Por esta epígrafe (1.2) non se poderán obter máis de 2,500 puntos.		
II. Cursos de formación e perfeccionamento superados:máximo 3 puntos.		
2.1. Por cada curso de formación e perfeccionamento cunha duración non inferior a 30 horas, recibido ou impartido, convocado por administracións públicas con plenas competencias educativas ou por universidades, ou actividades incluídas no plan de formación permanente organizados por entidades colaboradoras coas administracións educativas ou actividades recoñecidas pola administración educativa correspondente.	0,300 ata 1,500 puntos	Copia do certificado de asistencia. De non figurar o número de horas, deberá xuntarse certificado da autoridade convocante no que se faga constar a duración en horas.
2.2. Por cada curso de formación e perfeccionamento cunha duración non inferior a 100 horas, recibidos ou impartidos, convocados por administracións públicas con plenas competencias educativas ou por universidades, ou actividades incluídas no plan de formación permanente organizados por entidades colaboradoras coas administracións educativas ou actividades recoñecidas pola administración educativa correspondente.	0,600 ata 1,500 puntos	Copia do certificado de asistencia. De non figurar o número de horas, deberá xuntarse certificado da autoridade convocante no que se faga constar a duración en horas.

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
III. Outros méritos: 3 puntos.		
3.1. Méritos académicos:	Ata 1,500 puntos	
a) Por posuír o título de doutoramento.	0,750 puntos	Certificación académica ou copia do título de doutoramento.
b) Por premio extraordinario ou de honra na titulación alegada para ingreso no corpo.	0,500 puntos	Certificación académica ou copia do título alegado na que conste tal cualificación.
c) Por premio extraordinario de doutoramento.	0,500 puntos	Certificación académica ou copia do título alegado na que conste tal cualificación.
d) Por título de licenciatura ou de grao distinto do alegado para ingreso no corpo, así como polo certificado-diploma de estudos avanzados (Real Decreto 778/1998, do 30 de abril), o título oficial de máster (Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro), suficiencia investigadora e calquera outro título equivalente, e lectura da tese de licenciatura.	0,500 puntos	Certificación académica ou copia do título correspondente.
e) Por outro título de grao medio.	0,300 puntos	Certificación académica ou copia do título correspondente.
f) Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional específica:		Certificación académica ou copia do título alegado para ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
f.1) Por cada título Profesional de Música ou Danza:	0,500 puntos	
f.2) Por cada Certificado de nivel avanzado ou equivalente de Escolas Oficiais de Idiomas:	0.500 puntos	
f.3) Por cada Título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño.	0.200 puntos	
f.4) Por cada Título de Técnico Superior de Formación Profesional.	0.200 puntos	
f.5) Por cada Título de Técnico Deportivo Superior:	0.200 puntos	
Non se valorarán as da formación profesional específica, no caso de ser as alegadas como requisito para ingreso na función pública docente ou, no seu caso, se foran necesarias para a obtención do título alegado.		
3.2. Publicacións e méritos artísticos:	Ata 1,500 puntos	

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
Por publicacións de carácter didáctico sobre a disciplina obxecto do concurso ou directamente relacionadas coa organización escolar :	Ata 0,750 puntos	No referente a materiais publicados en soportes especiais como vídeos, CD-Rom, etc. será necesario achegar a documentación impresa que poidan acompañar estas publicacións (carátulas, folletos explicativos dos obxectivos e contidos, impresións, etc.). No caso das publicacións que só se dan en formato electrónico presentárase un informe oficial no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos, o título da publicación, os/as autores/as, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final. Os exemplares correspondentes.
Por autor ou autora.	0,150 puntos	
Por coautor/a ou grupo de autores/as.	0,050 puntos	
Por artigo ou revista.	0,020 puntos	
b) Por publicacións de carácter científico sobre a disciplina obxecto do concurso.	Ata 0,750 puntos	No referente a materiais publicados en soportes especiais como vídeos, CD-Rom, etc. será necesario aportar a documentación impresa que poidan acompañar estas publicacións (carátulas, folletos explicativos dos obxectivos e contidos, impresións, etc.). No caso das publicacións que só se dan en formato electrónico presentárase un informe oficial no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos, o título da publicación, os/as autores/as, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final. Os exemplares correspondentes
Por autor ou autora.	0,150 puntos	
Por coautor/a ou grupo de autores/as.	0,050 puntos	Documentos xustificativos destes.
Por artigo ou revista.	0,020 puntos	

Disposicións complementarias.

Primeira. Unicamente serán baremados aqueles méritos perfeccionados ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segunda. Para os efectos da epígrafe 1.2 non se poderán acumular as puntuacións cando os servizos fosen prestados simultaneamente en máis dun centro docente.

Os servizos prestados no estranxeiro acreditaranse mediante certificacións expedidas polos Ministerios de Educación dos respectivos países ou autoridades públicas competentes, nas que deberán constar o tempo de prestación de servizos, con data de inicio e de fin do nomeamento, e o carácter de centro público ou privado, o nivel educativo e a materia impartida. Cando non se acredite o nivel educativo ou este non coincida co da convocatoria entenderanse como servizos prestados

en diferente nivel educativo. Os ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán ou galego.

Terceira. Nas seguintes epígrafes, por cada mes súmanse as seguintes puntuacións:

- na epígrafe 1.1: 0,0417 puntos
- na epígrafe 1.2 letras a), b) e d): 0,025 puntos
- na epígrafe 1.2 letras c), e) e f): 0,0167 puntos

Cuarta. En ningún caso serán valorados aqueles cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.

Quinta. Non se valorará o curso de aptitude pedagóxica ou o máster universitario que habilita para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.

Sexta. De conformidade co artigo sexto da Orde do 11 de novembro de 1998, as equivalencias entre distintos cursos e probas de lingua galega terán a mesma consideración legal que os cursos presenciais de iniciación e de perfeccionamento.

Sétima. Teranse en conta as horas que figuren nas certificacións ou diplomas das actividades de formación. No caso de que figuren horas e créditos, prevalecerán as horas sobre os créditos.

Oitava. As persoas aspirantes non poderán ter máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos

ANEXO V

Lingua Galega.

Tema 1. Formación da lingua galega. Niveis de lingua e tratamento escolar.

Tema 2. A realidade actual da lingua: estatus legal e escolar. A normalización lingüística no ensino.

Tema 3. Particularidades fonéticas, morfosintácticas e léxicas do galego en relación coas linguas limítrofes. Tratamento escolar das interferencias.

Tema 4. Vocalismo e consonantismo.

Tema 5. O texto. Temas e subtemas. Esquema oracional. Oración simple e composta. Coordinación e subordinación.

Tema 6. O substantivo e o adxectivo. Oracións subordinadas substantivas. Oracións subordinadas adxectivas.

Tema 7. Pronomes persoais. Formas, funcións e colocación con respecto ao verbo.

Tema 8. Artigos, posesivos, demostrativos, numerais, indefinidos e interrogativos.

Tema 9. O verbo. Verbos irregulares. A perífrase.

Tema 10. Adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións. As oracións subordinadas adverbiais.

ANEXO VI

Corpo de profesores de ensinanza secundaria

Especialidades das materias comúns

O exercicio práctico ao que fai referencia a base 13.3.1 desta orde de convocatoria axustarase ao seguinte:

Os tribunais proporán dúas opcións de proba práctica, das cales a persoa aspirante escollerá unha, que a súa vez poderá constar de varias partes, agás na proba de identificación (macroscópica ou microscópica), interpretación e análise de representacións de individuos ou procesos naturais, biolóxicos ou xeolóxicos (coñecida como exercicio de "visu") da especialidade de Bioloxía e Xeoloxía.

O tribunal dará a coñecer ás persoas opositoras, de ser o caso, os medios técnicos e a documentación de apoio necesaria para o seu desenvolvemento.

O tribunal valorará, ademais do resultado correcto, se as persoas opositoras posúen as capacidades de tipo instrumental necesarias, e terá en conta o procedemento seguido ou descrito por estas persoas para a realización das probas prácticas.

- Filosofía

O exercicio práctico constará de tres partes:

- Comentario dun texto filosófico.
- Comentario e análise de cuestións de carácter ético e/ou sociolóxico.
- Comentario e análise de cuestións de carácter lóxico e/ou epistemolóxico.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

- Latín

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:

1. Un texto en prosa ou en verso para traducilo sen dicionario.
2. Un texto en prosa para a súa tradución con dicionario e comentario sintáctico-estilístico, sociocultural ou histórico, segundo as características do autor.
3. Un texto en verso para a súa tradución con dicionario e comentario fonético-morfolóxico e métrico.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

- Lingua Castelá e Literatura.

Consistirá na realización de todos ou dalgún dos seguintes exercicios:

1. Un comentario filolóxico dun texto anterior ao século XVIII.
2. Un comentario literario dun texto dun autor do Século de Ouro.
3. Un comentario lingüístico dun texto dun autor dos séculos XIX ou XX.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

- Xeografía e Historia.

Consistirá na realización de todos ou dalgún dos seguintes exercicios:

1. Confección e interpretación de mapas históricos e xeográficos
2. Comentario de textos históricos
3. Elaboración e comentario de gráficos e diagramas
4. Comentario de obras de arte

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

- Matemáticas.

Consistirá na resolución de:

- Cuestións e/ou problemas propostos polo tribunal relacionados co temario ou currículo que se vai impartir nas etapas de ensino secundario obrigatorio e bacharelato.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

- Física e Química.

Consistirá na resolución de:

- Cuestións e/ou problemas propostos polo tribunal relacionados co temario ou currículo que se vai impartir nas etapas de ensino secundario obrigatorio e bacharelato.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

- Bioloxía e Xeoloxía.

Consistirá na realización de todos ou dalgún dos seguintes exercicios:

1. Identificación (macroscópica ou microscópica), interpretación e análise de representacións de individuos ou procesos naturais, biolóxicos ou xeolóxicos.
2. Resolución de problemas ou cuestións de xenética, bioquímica e ecoloxía
3. Interpretación de mapas e cortes xeolóxicos
4. Exposición de elementos (aspectos materiais, temporais, desenvolvemento, seguridade) que configuran a realización dunha práctica de laboratorio.

- Debuxo.

Consistirá no seguinte:

- a) Resolución de dous exercicios sobre diferentes sistemas de representación gráfica.
- b) Realización dunha composición plana de expresión plástica ou cor sobre soporte papel. A composición estará relacionada cos contidos do currículo das materias asignadas á especialidade na educación secundaria ou bacharelato.

O persoal aspirante deberá ir provisto dos instrumentos de debuxo e medida que consideren adecuados, tendo en conta que o procedemento pictórico da composición poderá ser lápiz, ceras, tintas ou calquera outro, excluídos os aglutinantes líquidos ou viscosos (pintura á auga, ao aceite, etc.)

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

- Francés.

Consistirá na realización de:

1. Exercicio consistente en respostas a preguntas formuladas sobre o uso funcional da lingua e a cuestións acordes cos procedementos da área sobre aspectos lingüísticos, literarios ou socioculturais, a partir dun texto en prosa en lingua francesa (novela, ensaio ou artigo periodístico).

2. Exercicio de redacción sobre un tema de actualidade.

O tempo para a realización desta proba será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

- Inglés .

Consistirá na realización de:

1. Exercicio consistente en respostas a preguntas formuladas sobre o uso funcional da lingua e a cuestións acordes cos procedementos da área sobre aspectos lingüísticos, literarios ou socioculturais, a partir dun texto en prosa en lingua inglesa (novela, ensaio ou artigo periodístico).

2. Exercicio de redacción sobre un tema de actualidade.

O tempo para a realización desta proba será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

-Portugués

1. Exercicio consistente en respostas a preguntas formuladas sobre o uso funcional da lingua e a cuestións acordes cos procedementos da área sobre aspectos lingüísticos, literarios e socioculturais, a partir dun texto en prosa en lingua portuguesa (novela, ensaio ou artigo xornalístico).

2. Exercicio de reacción sobre un tema de actualidade.

O tempo para a realización desta proba será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder as tres horas.

- Música

Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos elaborados polo tribunal relacionados con contidos do temario e que deberán versar sobre algunha ou varias das seguintes materias:

- Educación Física.

Consistirá na resolución por escrito dun ou varios supostos prácticos elaborados polo tribunal, que versarán sobre os temas do temario e/ou dos bloques de contidos da educación física na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

- Orientación educativa.

Consistirá na resolución de supostos prácticos relacionados con contidos do temario e que deberán versar sobre algunha ou varias das seguintes materias:

1.Orientación profesional

2. Avaliación psicopedagóxica e ditame de escolarización

3. Atención á diversidade

4. Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe

5. Apoio ao plan de acción tutorial

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas horas.

- Tecnoloxía.

Consistirá na resolución de:

Cuestións e/ou problemas propostos polo tribunal relacionados co temario ou currículo que se vai impartir nas etapas de ensino secundario obrigatorio e bacharelato.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

- Lingua Galega e Literatura.

Consistirá na realización de todos ou dalgún dos seguintes exercicios:

1. Comentario filolóxico dun texto da Idade Media

2. Comentario lingüístico dun texto dos séculos XIX, XX e XXI

3. Comentario literario dun texto dos séculos XIX, XX e XXI

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres horas.

Especialidades de Formación Profesional
Corpo de Profesores de ensinanza secundaria

En todas as probas prácticas correspondentes ás especialidades deste corpo:

Os Tribunais darán a coñecer, oportunamente, ao persoal opositor os medios técnicos para o desenvolvemento das prácticas que compoñen a proba.

Os Tribunais valorarán non só o produto final, senón o procedemento que seguiu o persoal opositor para alcanzar o resultado final, a idoneidade das técnicas e materiais descritos así como a viabilidade e cumprimento da normativa vixente na planificación e programación.

A duración máxima das probas será de 3 horas

- Administración de Empresas.

O Tribunal propón dúas opcións de proba práctica das cales o persoal aspirante elixe unha:

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Proceso contable das operacións económicas e financeiras, confección de libros e rexistros de contabilidade, e elaboración das Contas Anuais, aplicando o Plan Xeral Contable. Tratamento informático do proceso contable.
2. Cálculo de custos e punto morto.
3. Análise económica e financeiro.
4. Formalización das obrigacións fiscais.
5. Previsións de tesourería, control de plans orzamentarios, e xestión e control de tesourería.
6. Cálculo de operacións financeiras, e xestión de pagos e cobranzas.
7. Selección de investimentos.
8. Medios de financiamento con clientes, provedores e institucións financeiras.
9. Análise e contratación de servizos e/ou produtos financeiros e/ou de seguros, e

formalización de documentación.

10. Análise económica e financeiro de valores mobiliarios.

11. Selección de persoal, formalización e rexistro de documentos de contratación, cuantificación de retribucións e de cotizacións na Seguridade Social, xestión da documentación de persoal nos organismos públicos, e planificación de actividades de formación.

12. Análise e xestión dun servizo de auditoría.

13. Tramitación de asuntos, expedientes ou reclamacións, na Administración pública, e formalización de documentación.

14. Xestión das comunicacións internas e externas, tanto orais como escritas, da empresa.

15. Atención ao público e protocolo.

16. Organización de entrevistas, reunións, acontecementos corporativos, viaxes nacionais e internacionais. Cálculo de custos de actos e reunións, e control do tempo.

17. Elaboración e/ou valoración dun proxecto empresarial.

- Análise e Química Industrial

O Tribunal propón dúas opcións de proba práctica das cales o persoal aspirante elixe unha:

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Representación esquemática e análise dun proceso de fabricación.

2. Actividades de organización e xestión da calidade nas industrias da familia química e no laboratorio de análise e control.

3. Procesos de fabricación dos produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e de plásticos e cauchos.

4. Actividades de control de emisións á atmosfera e o tratamento de augas residuais.

5. Organización/realización de análises por métodos químicos e instrumentais.

6. Organización/realización de ensaios e determinacións microbiolóxicas e biotecnolóxicas.

7. Determinación e realización de análises e ensaios de control de calidade de diferentes produtos e materiais.

8. Elaboración dun preparado ou forma farmacéutica.

- Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal.

O Tribunal propón dúas opcións de proba práctica das cales o persoal aspirante elixe unha:

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Identificación e descrición: dos compoñentes dun cosmético e a súa función, a forma cosmética esperada segundo a formulación dada, o tipo de cosmético e/ou a función pola cal foi deseñado.
2. Resolución dun ou máis supostos prácticos, onde ante unha serie de manifestacións ou características dadas, hai que determinar: o diagnóstico, a etioloxía, os protocolos de aplicación (incluíndo cosmetoloxía e aparatoloxía a utilizar), a determinación de parámetros de calidade do mesmo, a previsión ante determinadas desviacións e a duración prevista.
3. Identificación e interpretación de imaxes onde se mostran items relacionados co temario da especialidade.
4. Resolución de exercicios relacionados coa aparatoloxía utilizada na especialidade, incluíndo a identificación do principio de funcionamento, utilización, contraindicacións, mantemento e control de calidade.
5. Descrición de técnicas e procesos relacionados coa especialidade.
6. Resolución de cuestións referentes á organización e desenvolvemento de acontecementos e/ou espectáculos, así como dos soportes audiovisuais necesarios para facer unha gravación gráfica do mesmo.

- Formación e Orientación Laboral.

O Tribunal propón dúas opcións de proba práctica das cales o persoal aspirante elixe unha.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Proceso de orientación laboral e procura de emprego, fontes e técnicas de procura de traballo e análise de información.
2. Mercado de traballo, competencias profesionais e itinerarios profesionais e formativos.
3. Habilidades de traballo en equipo e negociación de conflitos.
4. Aplicación de dereitos e deberes laborais básicos e normativa relacionada.
5. Interpretación dos diferentes tipos de contratación e as súas características.
6. Análise das modificacións dos contratos de traballo e as súas consecuencias.

7. Análise e coñecemento de diferentes entidades xestoras da Seguridade Social, servizos e prestacións.

8. Xestión de conflitos colectivos e conflitos individuais nas relacións laborais.

9. Innovación empresarial. Actitudes e habilidades emprendedoras e valoración dun proxecto empresarial.

10. Previsións de tesourería e orzamentos. Interpretación de contas anuais.

11. Análise e características de diferentes formas xurídicas dunha empresa.

12. Análise da contorna laboral, os factores de risco e a súa relación coa saúde.

13. Identificación de riscos, avaliación, danos derivados e medidas de prevención e protección aplicables.

14. Dereitos e deberes, participación dos traballadores e organismos relacionados coa actividade preventiva.

15. Medidas e plan de autoprotección e plan de actuación. Primeiros auxilios.

- Informática.

O Tribunal propón dúas opcións de proba práctica das cales o persoal aspirante elixe unha.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

- Algoritmia e Linguaxes.

1. Programación estruturada.
2. Programación orientada a obxectos.
3. Programación na internet.

- Base de datos.

1. Sistema de xestión de bases de datos relacionais modelo E/R. Normalización.
2. Linguaxes de definición e manipulación de datos. Linguaxe SQL.
3. Sistemas de bases de datos distribuídas. Administración de sistemas de bases de datos.
4. Seguridade nos datos.

- Enxeñaría de Software.

1. Análise de funcións DFD.

2. Análise de datos modelos E/R.

- Redes e Comunicación.

1. Conectividade entre ordenadores. Protocolos de comunicación TCP/IP.

2. Redes de área local.

3. Servizos en rede

4. Seguridade en rede

- Organización e Xestión Comercial.

O Tribunal propón dúas opcións de proba práctica das cales o persoal aspirante elixe unha:

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Empresa e empresario/a. Viabilidade e posta en marcha da empresa.
2. Contabilidade e fiscalidade das empresas de servizos comerciais e do transporte.
3. Análise económica e financeira do patrimonio e dos resultados da empresa.
4. Xestión dos recursos humanos da empresa.
5. Técnicas de venda dos produtos e/ou os servizos á clientela.
6. Realización das operacións de venda e de atención á clientela.
7. Selección e negociación de provedores, e xestión de compras.
8. Negociación da venda, control, e formación e perfeccionamento do equipo de vendas.
9. Obtención, proceso e organización da información na investigación comercial.
10. Tratamento informático da información obtida e análise estatística.
11. Establecemento de políticas de márketing e control da acción publicitaria.
12. Márketing dixital, xestión de webs e sistemas de comunicación dixitais.
13. Relacións públicas e organización de eventos.
14. Técnicas de comunicación publicitaria. Medios e soportes de comunicación.
15. Administración e xestión dun pequeno establecemento comercial.
16. Planificación dunha investigación comercial, selección da canle de distribución e

promoción do produto en operacións de comercio internacional.

17. Negociación de operacións de compravenda de mercadorías a nivel internacional.

18. Xestión administrativa nas operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición de mercadorías, e formalización da documentación correspondente.

19. Selección do medio de financiamento e dos medios de pagamento máis adecuados para transaccións internacionais. Formalización e xestión da documentación.

20. Financiamento e medios de pagamento no comercio internacional. Formalización e xestión da documentación.

21. Determinación de riscos financeiros das operacións internacionais e a súa cobertura.

22. Organización do servizo de tráfico dunha empresa de transporte terrestre, e control das mercadorías e dos vehículos.

23. Planificación do servizo de liñas regulares e transporte discrecional no servizo de transporte terrestre.

24. Organización e comercialización dos servizos de transporte de mercadorías e de viaxeiros/as.

25. Control de establecementos, industrias, actividades, produtos e servizos dentro do ámbito do consumo. Inspeccións de consumo.

26. Plans de atención ás persoas consumidoras e usuarias de bens e servizos: defensa das persoas consumidoras; servizo de atención a persoas consumidoras e a clientes/as.

27. Organización e xestións de plans formativos e campañas de información en materia de consumo.

- Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos.

O tribunal propón dúas opcións de proba práctica das cales o persoal aspirante escolle unha.

Cada unha das dúas opcións de proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Procesos de organización, planificación e control na área de electromecánica.
2. Procesos de organización, planificación e control na área de carrocería.
3. Verificacións, controis e procedementos de corrección de disfuncións nos sistemas eléctricos do vehículo.
4. Verificacións, controis e procedementos de corrección de disfuncións nos sistemas de

seguridade e confortabilidade do vehículo.

5. Verificacións, controis e procedementos de corrección de disfuncións no motor térmico e os seus sistemas auxiliares.

6. Verificacións, controis e procesos de reparación de carrocerías.

7. Procesos de xestión e loxística do mantemento de vehículos.

8. Seguridade no mantemento de vehículos.

9. Verificacións, controis e reparacións de novas tecnoloxías de propulsión.

10. Verificacións, controis e reparacións de circuitos eléctricos auxiliares e sistemas lóxicos do material rodante ferroviario.

- Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica.

O Tribunal propón dúas opcións de proba práctica das cales o persoal aspirante elixe unha:

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Procesos de fabricación, montaxe e reparación de elementos de fabricación mecánica.

2. Procesos de mantemento de primeiro nivel de maquinaria e equipos.

3. Procesos de xestión e control de calidade do proceso de fabricación e do produto acabado.

4. Procesos de tratamentos térmicos e superficiais en produtos de fabricación mecánica.

5. Elaboración da documentación técnica e parámetros de fabricación dun produto de fabricación mecánica.

6. Desenvolver o proxecto dun produto de fabricación mecánica.

7. Programación de máquinas de CNC, automatismos eléctricos, neumáticos e hidráulicos e de procesos de produción de elementos de fabricación mecánica.

8. Seguridade nas industrias de fabricación mecánica.

- Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos.

O Tribunal propón dúas opcións de proba práctica das cales o persoal aspirante elixe unha:

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Estudo das condicións previas do proxecto.

2. Diagrama de principio, e planos xerais e de detalle das instalacións.
3. Cálculo de redes.
4. Estudo e selección de equipamentos.
5. Regulación e posta a punto dos equipos e as instalacións.
6. Planificación de montaxes.
7. Plan de mantemento a partir de condicións establecidas.
8. Diagnóstico de avarías e mantemento correctivo.
9. Posibles melloras da eficiencia das instalacións.
10. Estudo económico dun proxecto proposto

- Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos.

O Tribunal propón dúas opcións de proba práctica das cales o persoal aspirante elixe unha:

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Planificación das fases da intervención, establecendo un cronograma de traballo e os indicadores de avaliación do funcionamento do equipo.
2. Realización de diagramas dos servizos e/ou das unidades hospitalarias, describindo a súas relacións e as súas dependencias, tanto internas como xerais ou do contorno.
3. Realización de descrições macroscópicas, identificacións, etc., sobre modelos anatómicos que representan sistemas, aparellos ou órganos.
4. Identificación de estruturas anatómicas en estudos reais radiolóxicos, ecográficos, tomográficos e de resonancia magnética nuclear.
5. Descrición da metodoloxía de xestión de residuos radioactivos para un suposto concreto (vial con isótopos radioactivos, papel contaminado, etc.).
6. Descrición de medidas de protección radiolóxica para o persoal sanitario e para os/as pacientes na realización de exploracións radiolóxicas.
7. Descrición e identificación do material necesario para a obtención e a recollida de diferentes tipos de mostras biolóxicas humanas, así como do método que cumpra utilizar en cada caso.
8. Realización de operacións básicas de laboratorio: medidas de masa e volume, disgregación e separación, preparación de solucións e disolucións, etc.

9. Determinación de parámetros fisicoquímicos dunha mostra: temperatura, pH, densidade, etc.

10. Realización de determinacións analíticas en diferentes mostras (biolóxicas, aire, etc.), utilizando os aparellos e os reactivos apropiados a cada técnica, obtendo analitos cuantificados.

11. Identificación de moléculas utilizando técnicas de separación (cromatografía, electroforese, etc.)

12. Realización de análises microscópicas de mostras urinarias.

- Procesos Sanitarios.

O Tribunal propón dúas opcións de proba práctica das cales o persoal aspirante elixe unha:

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Planificación das fases de acordo coas persoas destinatarias.
2. Establecemento do cronograma de traballo e de indicadores de avaliación do funcionamento do equipo.
3. Descrición macroscópica dunha mostra anatomopatolóxica.
4. Lectura e descrición microscópica dunha mostra anatomopatolóxica, identificando a técnica básica de tinguidura e as características celulares máis sobresaíntes.
5. Valoración do estado nutricional dun paciente a partir duns datos presentados, recollidos durante a súa exploración.
6. Planificación xeral dunha pauta do tratamento dietético para un caso proposto cunha patoloxía dada.
7. Codificación dun documento-tipo (historia clínica, etc.) baseándose nunha norma concreta.

- Sistemas Electrónicos

O exercicio práctico consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos referidos ás realizacións e dominios profesionais das unidades de competencia asociadas aos módulos profesionais onde teña atribución docente a especialidade relacionados co currículo vixente:

1. Análise, funcional e eléctrica, de circuítos e aplicacións electrónicas de carácter xeral.
2. Diagnóstico e localización de avarías en circuítos e aplicacións electrónicas de carácter xeral ou en sistemas informáticos e telemáticos.
3. Deseño e montaxe de maquetas de circuítos electrónicos, utilizando as ferramentas

informáticas precisas.

4. Elaboración de programas para o control de dispositivos microprogramables en linguaxes de baixo e alto nivel e de programas informáticos de aplicación xeral.

5. Realización de posta a punto dunha rede local de ordenadores, e a configuración física desta, de acordo co tipo de aplicacións que se vaian implantar.

- Sistemas Electrotécnicos e Automáticos

O exercicio práctico consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos referidos ás realizacións e dominios profesionais das unidades de competencia asociadas aos módulos profesionais onde teña atribución docente a especialidade relacionados co currículo vixente:

1. Proxecto de liña aérea de alta tensión.

2. Proxecto de liña aérea de baixa tensión.

3. Proxecto de instalación eléctrica de edificio de vivendas.

4. Proxecto de alumbrado público.

5. Práctica de deseño de esquemas e cadro eléctrico.

6. Exercicios e problemas de cálculo de seccións de condutores.

7. Exercicios e problemas instalación de enlace. Os proxectos levarán a seguinte documentación:

- Memoria descritiva.

- Memoria de cálculo. Eléctricos e mecánicos.

- Disposicións mínimas de seguridade e saúde.

- Prego de condicións.

- Presuposto.

- Planos.

- Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas

- Alemán.

Consistirá en:

1. A partir dunha audición na lingua pola que se oposita proposta polo tribunal:

- Resumo da información que contén.

- Resposta ás cuestións que o tribunal presente ao respecto.

2. A partir dun texto escrito en prosa actual de carácter non exclusivamente literario proposto polo Tribunal:

- Análise do texto tendo en conta: tipo e xénero textual, funcións comunicativas (principais e secundarias) e recursos estilísticos.

- Resposta ás cuestións que o Tribunal presente ao respecto.

3. Unha tradución inversa de un texto actual literario ou periodístico ou unha tradución directa dun texto actual literario ou periodístico proposto polo Tribunal.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de catro horas.

- Francés .

Consistirá en:

1. A partir dunha audición na lingua pola que se oposita proposta polo tribunal:

- Resumo da información que contén.
- Resposta ás cuestións que o tribunal presente ao respecto.

2. A partir dun texto escrito en prosa actual de carácter non exclusivamente literario proposto polo Tribunal:

- Análise do texto tendo en conta: tipo e xénero textual, funcións comunicativas (principais e secundarias) e recursos estilísticos.

- Resposta ás cuestións que o Tribunal presente ao respecto.

3. Unha tradución inversa de un texto actual literario ou periodístico ou unha tradución directa dun texto actual literario ou periodístico proposto polo Tribunal.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de catro horas.

- Galego

Consistirá en:

1. A partir dunha audición na lingua pola que se oposita proposta polo tribunal:

- Resumo da información que contén.
- Resposta ás cuestións que o tribunal presente ao respecto.

2. A partir dun texto escrito en prosa actual de carácter non exclusivamente literario proposto polo Tribunal:

- Análise do texto tendo en conta: tipo e xénero textual, funcións comunicativas (principais e secundarias) e recursos estilísticos.

- Resposta ás cuestións que o Tribunal presente ao respecto.

3. Exposición oral sobre un tema proposto polo tribunal ou redacción dun texto formal (informe, memoria, acta.....) sobre un tema proposto polo tribunal.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de catro horas.

- Inglés .

Consistirá en:

1. A partir dunha audición na lingua pola que se oposita proposta polo tribunal:

- Resumo da información que contén.
- Resposta ás cuestións que o Tribunal presente ao respecto.

2. A partir dun texto escrito en prosa actual de carácter non exclusivamente literario proposto polo Tribunal:

- Análise do texto tendo en conta: tipo e xénero textual, funcións comunicativas (principais e secundarias) e recursos estilísticos.

- Resposta ás cuestións que o Tribunal presente ao respecto.

3. Unha tradución inversa de un texto actual literario ou periodístico ou unha tradución directa dun texto actual literario ou periodístico proposto polo Tribunal.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de catro horas.

Corpo de profesores de artes plásticas e deseño

Corpo de mestres

O exercicio práctico á que fai referencia a base 14.3.1 da presente orde de convocatoria versará nas especialidades do corpo de mestres sobre un ou varios dos aspectos seguintes:

- Educación Infantil.

1. Etapas máis significativas no desenvolvemento do neno de 0 a 6 anos.
2. Correntes pedagóxicas e psicolóxicas e influencia na educación infantil.
3. Conceptos básicos que debe dominar o neno, previos á lecto- escritura.
4. Metodoloxía sobre a prelectura e a preescritura.
5. Resolución ou fundamentación teórica dun caso práctico proposto polo tribunal.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas horas.

- Lingua Estranxeira: Inglés.

Versará sobre a lectura comprensiva dun texto neste idioma con preguntas e respostas por escrito referidas ao texto.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas horas.

- Lingua Estranxeira: Francés.

Versará sobre a lectura comprensiva dun texto neste idioma con preguntas e respostas por escrito referidas ao texto.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas horas.

- Educación Física.

Resolución dun ou varios supostos prácticos elaborados polo tribunal. Estes supostos versarán sobre o temario e/ou sobre os bloques dos contidos da educación física na educación primaria.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas horas.

- Música.

Constará de dúas partes:

- a) Escrita, que deberá incluír:

1. Composición dunha peza vocal e instrumental para utilizar na aula, sobre un texto dado polo tribunal.

2. Composición libre dunha peza musical, xustificando a súa adaptación ao estado madurativo do alumnado.

3. Análise dun fragmento musical de tipo folclórico.

b) De interpretación:

1. Lectura dun fragmento musical seleccionado polo tribunal.

2. Interpretación, coa voz ou cun instrumento achegado polo persoal opositor, dun fragmento musical sobre unha partitura seleccionada polo tribunal.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas horas.

- Pedagogía Terapéutica.

1. Organización da atención á diversidade nun centro ordinario que escolariza alumnado con necesidades educativas especiais.

2. Características fundamentais do proxecto educativo dun centro específico de educación especial.

3. Criterios básicos para a elaboración de adaptacións curriculares e ampliación e desenvolvemento das mesmas.

4. Competencias do profesorado de apoio (alumnado NEAE, aula, centro e familias).

5. Resolución ou fundamentación teórica dun caso práctico proposto polo tribunal.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas horas.

- Audición e Linguaxe.

1. Organización da atención á diversidade nun centro ordinario que escolariza alumnado con necesidades educativas especiais.

2. Características fundamentais do proxecto educativo dun centro específico de educación especial.

3. Criterios básicos para a elaboración de adaptacións curriculares e ampliación e desenvolvemento destas.

4. Competencias do profesorado de apoio (alumnado NEAE, aula, centro e familias).
5. Bases anatómicas, fisiolóxicas e neurolóxicas da linguaxe.
6. A estimulación precoz na adquisición e desenvolvemento da linguaxe.
7. Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.
8. Resolución ou fundamentación teórica dun caso práctico proposto polo tribunal

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas horas.

- Educación Primaria.

1. Diferentes aspectos das programacións didácticas de educación primaria e a súa aplicación na aula.
2. Tutoría, orientación e medidas de atención á diversidade.
3. Incorporación das TIC na programación didáctica da aula para fomentar o desenvolvemento da competencia dixital.
4. Proxecto lector do centro: actuacións para a biblioteca de centro, biblioteca de aula, propostas de animación a lectura, fomento da escritura.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas horas.

ANEXO VII

Corpo de profesores de ensino secundario

Especialidades	Titulacións
Tecnoloxía	Enxeñería Técnica. Arquitectura Técnica. Diplomatura en Máquinas Navais. Diplomatura en Navegación Marítima. Diplomatura en Radioelectrónica Naval.
Administración de Empresas	Diplomatura en Ciencias Empresariais Diplomatura en Xestión e Administración Pública
Análise e Química Industrial	Enxeñería Técnica Industrial, especialidade en Química Industrial. Enxeñería Técnica Forestal, especialidade en Industrias Forestais.
Formación e Orientación Laboral	Diplomatura en Ciencias Empresariais. Diplomatura en Relacións Laborais. Diplomatura en Traballo Social. Diplomatura en Educación Social. Diplomatura en Xestión e Administración Pública.

Especialidades	Titulacións
Informática	Diplomatura en Estatística Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas Enxenería Técnica de Telecomunicación, especialidade en Telemática
Organización e Xestión Comercial	Diplomatura en Ciencias Empresariais.
Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	Diplomatura en Navegación Marítima. Diplomatura en Radioelectrónica Naval. Diplomatura en Máquinas Navais. Enxeñaría Técnica Aeronáutica, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica Agrícola, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica Forestal, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica en Minas, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica Naval, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica Industrial, en todas as súas especialidades.
Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica	Enxeñaría Técnica Industrial, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica de Minas, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica en Deseño Industrial. Enxeñaría Técnica Aeronáutica, especialidade en Aeronaves, especialidade en Equipos e Materiais Aeospaciais. Enxeñaría Técnica Naval, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica Agrícola: - especialidade en Explotacións Agropecuarias. - especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias. - especialidade en Mecanización e Construcións Rurais. Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, especialidade en Construcións Cívicas. Diplomatura en Máquinas Navais.
Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos	Enxeñaría Técnica Industrial, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica Aeronáutica, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica Naval, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica Agrícola, en todas as súas especialidades. Enxeñaría Técnica de Minas, en todas as súas especialidades. Diplomatura en Máquinas Navais.
Procesos Sanitarios	Diplomatura en Enfermaría.
Sistemas Electrónicos	Diplomatura en Radioelectrónica Naval. Enxeñaría Técnica Aeronáutica, especialidade en Aeronavegación . Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas. Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Electricidade, especialidade en Electrónica Industrial. Enxeñaría Técnica en Telecomunicación, en todas as súas especialidades.
Sistemas Electrotécnicos e Automáticos	Diplomatura en Radioelectrónica Naval. Enxeñaría Técnica Aeronáutica, especialidade en Aeronavegación. Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas. Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Electricidade, especialidade en Electrónica Industrial. Enxeñaría Técnica en Telecomunicación, en todas as súas especialidades.

NOTA. As titulacións indicadas corresponden ao Catálogo de Títulos Universitarios Oficiais e ás sucesivas incorporacións a este. Tamén son equivalentes para os efectos de docencia as titulacións homólogas ás especificadas, segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 de novembro)

ANEXO VIII
Corpo de Profesores de Artes Plásticas e Deseño

Especialidades	Titulacións

ANEXO X

Rúbrica da segunda proba da fase oposición – A (programación didáctica)

Corpo:		Especialidade:		Data:		Hora:	
Tribunal Nº:		Nome e apelidos membro do Tribunal:					
Membro:	P	V1	V2	V3	V4		
Nome e apelidos do/a opositor/a				DNI do/a opositor/a			

A. Contextualización da programación/contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Ata 0,25 puntos	
0	Non hai. Mínima referencia á materia dentro do currículo ou a un centro. Xustifica a inclusión da materia no currículo sen referirse a ningún centro en concreto. Xustifica a inclusión da materia no currículo; ademais refírese a un centro en concreto e refírese a contribución ás competencias.
0,25	Xustifica a inclusión da materia no currículo, refírese a un centro e mostra situacións reais sobre as que deben existir actuacións por parte do docente e concreta competencias clave.
B. Coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Ata 0,25 puntos	
0	Non hai coherencia. Limitase a copiar os obxectivos, contidos e criterios do DCB / Decreto. Hai indicios de coherencia entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares.
0,25	Hai coherencia entre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares e atópanse detallados nas unidades didácticas.
C. Procedementos, criterios e instrumentos de cualificación. Ata 1,00 puntos	
0	Non hai. Referencias anecdóticas a procedementos de avaliación. Referencias anecdóticas a procedementos de avaliación e a criterios de cualificación. Diferencia os procedementos e os instrumentos de avaliación dos estándares, presentados dun modo moi xenérico.
1,00	Referencias claras a procedementos de avaliación, instrumentos de avaliación dos estándares, concreción dos criterios de cualificación (ou indicadores/rúbricas) e definición de mínimos para a cualificación positiva.
D. Metodoloxía, actividades, recursos e temporalización. Ata 1,50 puntos	
0	Non hai. Hai e son moi xerais e/ou xenéricas. A metodoloxía fai referencia a diversos métodos e uso de materiais e relaciónase cos obxectivos e contidos das unidades didácticas pero non é correcto o tempo estimado para o curso. A metodoloxía fai referencias concretas a diversos métodos e uso de materiais, relaciónase cos obxectivos e contidos das unidades didácticas e coas competencias e están temporalizadas de xeito correcto.
1,50	A metodoloxía é precisa e variada, hai uso variado de materiais, atópase desagregada por unidades didácticas, relaciónanse cos obxectivos e contidos das unidades, e cos estándares. As actividades están ben temporalizadas.
E. Medidas de atención á diversidade e ao ACNEAE E NEE. Ata 1,75 puntos	
0	Non hai. Hai, pero con referencias moi xenéricas (presenta alumnado tipo para xustificar). Hai, pero non diferencia entre atención á diversidade, ACNEAE, alumnado con materias pendentes e alumnado con NEE e non veñen desagregadas nas unidades didácticas. Propón proba de avaliación inicial. Propón avaliación inicial e diferencia os tipos de atención. Fai referencias concretas a diversas situacións, desagregadas nas UD.
1,75	Propón avaliación inicial e propón actividades de seguimento para atender os distintos tipos de atención (RE, NEAE, repetidores, pendentes, ACIS...), ten referencias concretas a diversas situacións, desagrega por unidades didácticas e hai actividades especificamente deseñadas.
F. Outras epígrafes: plan lector, transversalidade, Actividades Complementarias e Extraescolares. Ata 0,25 puntos	
0	Non hai. Existe Plan lector, e elementos transversais moi xenéricos. Existe Plan lector desenvolvido con lecturas e elementos transversais concretados para o curso. Constan ACE. Existe Plan lector desenvolvido con lecturas, elementos transversais concretados para o curso, así como en cada unidade.
0,25	Existe Plan lector desenvolvido con lecturas, temporalización e avaliación, elementos transversais en cada unidade e avaliación en cada unidade e referencia á proposta de ACE.
G. Avaliación da programación. Ata 1,00 puntos	
0	Non hai. Hai, pero moi xenérica. Hai, pero centrada só nos resultados académicos.

	Hai, e céntrase nos obxectivos e procesos de ensino / aprendizaxe.
	Hai, céntrase nos obxectivos e procesos de ensino / aprendizaxe e prevé a participación do alumnado.
1,00	Hai mecanismos de revisión, avaliación e modificación da PD en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
H. Calidade da defensa / exposición oral. Ata 4,00 puntos	
	Claridade expositiva (linguaxe xestual incluído). Fluidez. Mantén contacto visual.
	Estrutura da defensa e control do tempo. Responde con solvencia ás preguntas do tribunal.
	Grao de interiorización da PD. Dominio e credibilidade transmitida. Personalización e concreción desta xustificando na realidade concreta do propio centro.
	Utilización do documento, guión e materiais (anexos) unicamente como soporte (non lectura destes).
	Adecuación á normativa en vigor.
PUNTUACIÓN TOTAL	

Rúbrica da segunda proba da fase oposición – B (unidade didáctica)

Corpo:		Especialidade:		Data:		Hora:	
Tribunal Nº:		Nome e apelidos membro do Tribunal:					
Membro:	P	V1	V2	V3	V4		
Nome e apelidos do/a opositor/a			DNI do/a opositor/a				

A. Coherencia entre os obxectivos, contidos, estándares e criterios de cualificación e indicadores. Ata 1,00 puntos	
0	Non hai coherencia. Limitase a copiar os obxectivos, contidos e criterios do DCB / Decreto.
	Ten obxectivos, contidos, criterios e estándares, pero sen adaptarse ao curso e/ou características do alumnado. Existe pouca coherencia entre eses elementos.
	Son suficientes, ben formulados, hai coherencia entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares, pero non concreta mínimos nin indicadores nin consideran a diversidade do alumnado
1,00	Son suficientes e completos, están ben formulados, son coherentes entre si, definen mínimos e indicadores, teñen en conta a diversidade do alumnado e atópanse detallados e totalmente relacionados coas actividades.
B. Metodoloxía, actividades e temporalización. Ata 1,50 puntos	
0	Non hai ou as referencias son moi xerais ou xenéricas.
	Ten metodoloxía, pero as actividades non son coherentes coa metodoloxía, cos obxectivos e os contidos e estándares, aínda que están temporalizadas.
	Ten unha metodoloxía clara, é coherente. As actividades son apropiadas para o curso e a temporalización é correcta.
	Ten unha metodoloxía clara e variada. Existe coherencia cos obxectivos, contidos, estándares e criterios de cualificación. As actividades son apropiadas para o curso e a temporalización é correcta.
1,50	Ten unha metodoloxía clara e variada. Existe coherencia cos obxectivos, contidos, estándares e criterios de cualificación. As actividades son apropiadas para o curso e a temporalización é correcta. Ademais existen actividades propias para alumnos con NEE e/ou Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
C. Medidas de atención á diversidade e ACNEAE E NEE. Ata 1,50 puntos	
0	Non hai.
	Hai, pero con referencias moi xenéricas (presenta un alumnado tipo para xustificar).
	Hai, pero non diferencia os tipos de atención á diversidade, ACNEAE e NEE e aparecen desenvolvidas na unidade didáctica.
	Diferencia os tipos de atención e fai referencias concretas a diversas situacións pero as actividades non son as axeitadas.
1,50	Diferencia os tipos de atención, ten referencias concretas a diversas situacións e conta con actividades especificamente deseñadas.
D. Procedementos e instrumentos de avaliación. Ata 1,00 puntos	
0	Non hai ou son insuficientes. Non diferencia entre procedementos e instrumentos.
	Diferencia entre procedementos e instrumentos pero non son coherentes coa formulación dos obxectivos e/ou contidos, estándares, criterios de avaliación e cualificación e actividades.
	Diferencia entre procedementos e instrumentos. Presenta variedade de instrumentos de avaliación e son coherentes cos obxectivos, contidos, estándares e criterios de cualificación e actividades propostos.
	Diferencia entre procedementos e instrumentos. Presenta variedade de instrumentos de avaliación, son coherentes cos obxectivos, contidos, estándares e criterios de cualificación e actividades propostos e teñen en conta a diversidade.
1,00	Diferencia entre procedementos e instrumentos. Presenta variedade de instrumentos de avaliación, son coherentes cos obxectivos, contidos, estándares e criterios de cualificación e actividades propostos, están adaptados á diversidade do alumnado, prevén medidas de recuperación/reforzamento e teñen en conta as situacións de Apoio Educativo e NEE.

E. Calidade da defensa / exposición oral. Ata 5,00 puntos	
	Claridade expositiva (linguaxe xestual incluído). Fluidez. Mantén contacto visual.
	Estrutura da defensa e control do tempo. Responde con solvencia ás preguntas do tribunal.
	Grao de interiorización da UD. Dominio e credibilidade transmitida. Personalización e concreción desta xustificándoa na realidade concreta do propio centro.
	Utilización do documento, guión e materiais (anexos) unicamente como soporte (non lectura destes).
	Adecuación á normativa en vigor.
Cualificación total	

Cualificación total da segunda proba da fase oposición

Parte	Cualificacións	Ponderación	Resultado	GLOBAL
A – Programación didáctica		X 0'4		
B – Unidade didáctica		X 0'6		

ANEXO XI

Rúbrica da segunda proba da fase oposición – A (programación didáctica)

Corpo:		Especialidade:		Data:		Hora:	
Tribunal Nº:		Nome e apelidos membro do Tribunal:					
Membro:	P	V1	V2	V3	V4		
Nome e apelidos do/a opositor/a			DNI do/a opositor/a				

A. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. Ata 0,25 puntos.	
0	Non hai.
	Describe a importancia do módulo dentro do ciclo formativo.
	Describe a importancia do módulo dentro do ciclo formativo, e refírese a un centro educativo en concreto.
	Describe a importancia do módulo dentro do ciclo formativo, refírese a un centro educativo en concreto e ao ámbito produtivo.
0,25	Describe a importancia do módulo dentro do ciclo formativo, refírese a un centro educativo en concreto e ao ámbito produtivo. Describe situacións reais sobre as que deban existir actuacións por parte do docente.
B. Relación de unidades didácticas, secuencia e temporalización. Ata 0,50 puntos.	
0	Non hai coherencia na distribución do currículo en unidades didácticas.
	Hai algún indicio de coherencia na distribución do currículo en unidades didácticas.
	Hai coherencia na distribución do currículo en unidades didácticas.
	Hai coherencia na distribución do currículo en unidades didácticas, e as duracións e descrições das unidades didácticas son axeitadas
0,50	Hai coherencia na distribución do currículo en unidades didácticas, e as duracións e descrições das unidades didácticas son axeitadas. Crea subcriterios de avaliación, subcontidos, etc.
C. Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación. Ata 1,25 puntos.	
0	Non hai coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas.
	Hai algún indicio de coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas.
	Hai coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas.
	Hai coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas. As duracións, descrições e obxectivos específicos das actividades son axeitados.
1,25	Hai coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas. As duracións, descrições e obxectivos específicos das actividades son axeitados. Crea subcriterios de avaliación, subcontidos, etc para a especificación das actividades ou os instrumentos de avaliación aplicables en cada actividade.
D. Relación de tarefas de cada actividade, recursos e resultados ou produtos. Ata 1,75 puntos.	
0	Non hai tarefas de alumnado, profesorado ou avaliación.

	Hai tarefas e son moi xerais ou xenéricas.
	Hai tarefas e son moi xerais ou xenéricas. Especifica os recursos e resultados ou produtos da actividade.
	Hai tarefas de profesorado/alumnado/avaliación ben detalladas e axustadas ao currículo establecido para esa actividade.
1,75	Hai tarefas de profesorado/alumnado/avaliación ben detalladas e axustadas ao currículo establecido para esa actividade. Especifica os recursos e resultados ou produtos da actividade.
E. Criterios de cualificación e avaliación positiva. Ata 1,00 puntos.	
0	Non hai instrumentos de avaliación asociados aos criterios de avaliación.
	Hai instrumentos de avaliación asociados aos criterios de avaliación, pero non son os axeitados.
	Os instrumentos de avaliación son axeitados aos criterios de avaliación. Indícanse os mínimos esixibles e o seu peso na unidade didáctica.
	Os instrumentos de avaliación son axeitados aos criterios de avaliación. Indícanse os mínimos esixibles e o seu peso na unidade didáctica. Os criterios de cualificación e avaliación positiva son xenéricos e non se corresponden cos instrumentos indicados por cada criterio de avaliación.
1,00	Os instrumentos de avaliación son axeitados aos criterios de avaliación. Indícanse os mínimos esixibles e o seu peso na unidade didáctica. Os criterios de cualificación e avaliación positiva están detallados e correspóndense cos instrumentos indicados por cada criterio de avaliación.
F. Procedementos para a recuperación das partes non superadas e para a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de avaliación continua. Ata 0,50 puntos.	
0	Non hai.
	Existe, de xeito xenérico, un procedemento para definir as actividades de recuperación, ou ben, un procedemento para definir a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.
	Existe, de xeito xenérico, un procedemento para definir as actividades de recuperación, e un procedemento para definir a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.
	Existe, de xeito detallado, un procedemento para definir as actividades de recuperación, ou ben, un procedemento para definir a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.
0,50	Existe, de xeito detallado, un procedemento para definir as actividades de recuperación, e un procedemento para definir a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.
G. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. Ata 0,25 puntos.	
0	Non hai
	Hai, pero moi xenérica.
	Hai, pero centrada só nos resultados académicos.
	Hai, e céntrase nos obxectivos e procesos de ensino e aprendizaxe.
	Hai, céntrase nos obxectivos e procesos de ensino e aprendizaxe e prevé a participación do alumnado.
0,25	Hai mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
H. Medidas de atención á diversidade. Ata 0,25 puntos.	
0	Non hai.
	Hai un procedemento para a realización da avaliación inicial e/ou medidas de reforzo educativo moi xerais.
	Hai un procedemento para a realización da avaliación inicial. Hai medidas de reforzo educativo, pero con referencias moi xenéricas. Indica un exemplo dun/dunha alumno/a que precisa medidas de atención.
	Hai un procedemento para a realización da avaliación inicial. Hai medidas de reforzo educativo. Indica un exemplo dun/dunha alumno/a que precisa medidas de atención. Propón actividades de seguimento para atender os distintos tipos de atención.
0,25	Hai un procedemento para a realización da avaliación inicial. Hai medidas de reforzo educativo. Indica un exemplo dun/dunha alumno/a que precisa medidas de atención. Propón actividades de seguimento para atender os distintos tipos de atención. Hai actividades especificamente deseñadas para este alumnado.
I. Aspectos transversais. Ata 0,25 puntos.	
0	Non hai.
	Existe unha programación da educación en valores ou actividades complementarias e extraescolares.
	Existe unha programación da educación en valores e actividades complementarias e extraescolares.
	Existe unha programación da educación en valores e actividades complementarias e extraescolares. Trátanse aspectos sobre: igualdade de xénero, prevención de riscos laborais, ambiente, etc.
0,25	Existe unha programación da educación en valores e actividades complementarias e extraescolares. Trátanse aspectos sobre: igualdade de xénero, prevención de riscos laborais, ambiente, etc. Existe ademais unha coordinación con outros módulos profesionais do ciclo formativo.
J. Calidade da defensa/exposición oral. Ata 4,00 puntos.	
	Claridade expositiva (linguaxe xestual incluído). Fluidez.
	Estrutura da defensa e control do tempo.
	Grao de interiorización da PD. Dominio e credibilidade transmitida. Personalización e concreción desta xustificando na realidade concreta do propio centro.
	Mantén contacto ocular.
	Utiliza o documento escrito unicamente como soporte (como axuda e non de base)

Ilustración da exposición con material e recursos pertinentes. (Anexos)

Puntuación total parte a segunda proba

Rúbrica da segunda proba da fase oposición – B (unidade didáctica)

Corpo:		Especialidade:		Data:		Hora:	
Tribunal Nº:		Nome e apelidos membro do Tribunal:					
Membro:	P	V1	V2	V3	V4		
Nome e apelidos do/a opositor/a			DNI do/a opositor/a				

A. Coherencia entre os resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos asociados á unidade didáctica. Ata 1,00 puntos.

- 0 Non hai coherencia entre os elementos curriculares especificados para esa unidade didáctica.
 Hai algún indicio de coherencia entre os elementos curriculares especificados para esa unidade didáctica.
 Hai coherencia entre os elementos curriculares especificados para esa unidade didáctica.
 Hai coherencia entre os elementos curriculares especificados para esa unidade didáctica, e a duración e descrición da unidade didáctica son axeitados.
- 1,00 Hai coherencia entre os elementos curriculares especificados para esa unidade didáctica, e a duración e descrición da unidade didáctica son axeitados. Crea subcriterios de avaliación, subcontidos, etc para un maior detalle do currículo a tratar na unidade didáctica.

B. Coherencia entre os resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos asociados ás actividades. Ata 1,00 puntos.

- 0 Non hai coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas.
 Hai algún indicio de coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas.
 Hai coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas.
 Hai coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas. As duracións, descrições e obxectivos específicos das actividades son axeitados.
- 1,00 Hai coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas. As duracións, descrições e obxectivos específicos das actividades son axeitados. Crea subcriterios de avaliación, subcontidos, etc para a especificación das actividades ou os instrumentos de avaliación aplicables en cada actividade.

C. Relación de tarefas de cada actividade, recursos e resultados ou produtos. Ata 1,50 puntos.

- 0 Non hai tarefas de alumnado, profesorado ou avaliación.
 Hai tarefas e son moi xerais ou xenéricas.
 Hai tarefas e son moi xerais ou xenéricas. Especifica os recursos e resultados ou produtos da actividade.
 Hai tarefas de profesorado/alumnado/avaliación ben detalladas e axustadas ao currículo establecido para esa actividade.
- 1,50 Hai tarefas de profesorado/alumnado/avaliación ben detalladas e axustadas ao currículo establecido para esa actividade. Especifica os recursos e resultados ou produtos da actividade.

D. Avaliación. Ata 1,50 puntos.

- 0 Non hai instrumentos de avaliación asociados aos criterios de avaliación.
 Hai instrumentos de avaliación asociados aos criterios de avaliación, pero non son os axeitados.
 Hai instrumentos de avaliación asociados aos criterios de avaliación, en xeral son os axeitados.
 Os instrumentos de avaliación son axeitados aos criterios de avaliación. Indícanse os criterios de avaliación mínimos esixibles e o seu peso na unidade didáctica.
- 1,50 Os instrumentos de avaliación son axeitados aos criterios de avaliación. Indícanse os criterios de avaliación mínimos esixibles e o seu peso na unidade didáctica. Crea subcriterios de avaliación para aplicar varios instrumentos de avaliación para un criterio de avaliación dado.

E. Defensa da unidade didáctica. Ata 5,00 puntos.

- Claridade expositiva (linguaxe xestual incluído). Fluidez. Mantén contacto ocular.
 Estrutura da defensa e control do tempo.
 Grao de interiorización da PD. Dominio e credibilidade transmitida. Personalización e concreción desta xustificando na realidade concreta do propio centro.
 Ilustración da exposición con material e recursos pertinentes. (Anexos)
 Referencia á normativa actualizada.

Cualificación total parte B segunda proba

Cualificación total da segunda proba da fase oposición

Parte	Cualificacións	Ponderación	Resultado	Global
-------	----------------	-------------	-----------	--------

A – Programación didáctica		X 0,4		
B – Unidade didáctica		X 0,6		

ANEXO XII

Rúbrica da segunda proba da fase oposición – A (plan de apoio)

Corpo:		Especialidade:		Data:		Hora:	
Tribunal Nº:		Nome e apelidos membro do Tribunal:					
Membro:	P	V1	V2	V3	V4		
Nome e apelidos do/a opositor/a			DNI do/a opositor/a				

A- Contextualización/ marco legal. Ata 1,00 puntos				
0,50	Definición do plan de apoio. Definición NEAE (LOE/LOMCE). Definición e clasificación de atención á diversidade (Decreto 229/2011). Identifícanse as características do contexto, centro, alumnado e familias.	Nomea só algunhas das definicións e clasificacións anteriores. As características do contexto/centro/alumnado/familia son moi globais e/ou escasas.	Os termos definidos e as características son imprecisas e globais.	Total:
0,50	Nomea as referencias normativas. Incorpora protocolos e convenios facendo referencia ao seu contido. Relaciona o plan de apoio cos documentos do centro (PE, PXAD, POE, PAT, ...).	As referencias legislativas son imprecisas ou escasas. Non relaciona o plan de apoio cos documentos/plans do centro.	As referencias normativas son incorrectas e /ou escasas. As referencias aos documentos/plans do centro son escasas ou inexistentes.	Total:
B. Identificación de necesidades. Ata 0,75 puntos				
0,75	Determina as necesidades relacionadas co contexto, centro, alumnado e familias. Identifica as necesidades específicas do alumnado con NEAE.	Só determina as necesidades de forma global e non atendendo aos ámbitos.	Non establece as necesidades.	Total:
C. Obxectivos xerais e específicos Ata 0,75 puntos				
0,75	Establece os obxectivos xerais do plan de apoio con respecto ás necesidades detectadas (contexto/centro/alumnado). Obxectivos xerais e específicos ben formulados e coherentes.	Os obxectivos xerais e específicos non os relaciona nin concreta para o contexto/ centro/ alumnado	Non establece os obxectivos nin a concreción para o centro/ alumnado/contexto.	Total:
D. Contidos. Ata 0,75 puntos				
0,75	Identifica e desenvolve os contidos, incidindo especialmente nas funcións e ámbitos de traballo do profesorado de PT/AL. Están relacionados cos obxectivos e coas necesidades detectadas.	Os contidos son xerais e non os relaciona cos obxectivos, coas necesidades nin coas funcións do PT/AL.	As referencias aos contidos son escasas ou inexistentes.	Total:
E. Competencias clave. Ata 0,25 puntos				
